



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

MEMORIA

DAS ACTUACIÓNS DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA RELATIVAS AOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DOS CENTROS EDUCATIVOS-CURSO 2024-2025



INFORMACIÓN E ASESORAMENTO AOS EDLG DOS CENTROS EDUCATIVOS

1 Reunións informativas coas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega

Cada curso académico prográmanse unha serie de reunións no 1.º trimestre en diferentes localidades de cada provincia para informar as persoas que asumen a función de coordinación dos EDLG por primeira vez ou as que levan desenvolvendo estas tarefas e desexan aclarar dúbidas ou actualizar a información. Nelas, transmítenlles información sobre as súas funcións, sobre as convocatorias e programas máis relevantes (proxectos de fomento, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, programa Nós tamén creamos! etc.), sobre a lexislación vixente etc. Previamente, informan os centros dos lugares e datas en que se van realizar para que o persoal coordinador poida asistir ás da súa provincia ou ás doutras.

No curso 2024-2025, realizáronse as seguintes reunións presenciais

A CORUÑA		
FERROL	mércores, 16 de outubro (18:30 h)	CFR Ferrol Rúa O Galego Soto, s/n Ferrol
SANTIAGO DE COMPOSTELA	xoves, 24 de outubro (18:30 h)	CAFI Santiago Lamas de Abade, s/n Santiago de Compostela
A CORUÑA	mércores, 23 de outubro (18:30 h) mércores, 30 de outubro (18:30h)	Edificio Administrativo de Monelos Rúa Vicente Ferrer, 2 A Coruña
LUGO		
MONFORTE DE LEPOS	Mércores, 16 de outubro de 2024 (18:00 h)	CFR Sección de Monforte (Aula informática, edificio EOI) Rúa Calvo Sotelo, 65, 1º Monforte
BURELA	Mércores, 23 de outubro de 2024 (18:00 h)	CFR Sección de Burela Rúa Correo, 3 Burela
LUGO	Xoves, 24 de outubro de 2024 (18:00 h)	CFR Lugo Rúa Yáñez Rebolo, 31 Lugo



OURENSE		
O BARCO DE VALDEORRAS	mércores, 30 de outubro (17:00 h)	CEIP Plurilingüe Julio Gurriarán Rúa Lugo, 2 32300 O Barco de Valdeorras
OURENSE	mércores, 6 de novembro (18:00 h)	Edificio administrativo da Xunta en Ourense (Casa de Chocolate, salón de actos) Avda. da Habana, 79 32071 Ourense
VERÍN	xoves, 7 de novembro (17:30 h)	CFR de Verín IES Xesús Taboada Chivite Avda. de Portugal, 116 32600 Verín
PONTEVEDRA		
CALDAS DE REIS	luns, 16 de outubro (18:00 h)	CPI Alfonso VII Rúa José Salgado, 18 36650 Caldas de Reis
PONTEVEDRA	mércores, 18 de outubro (18:00 h)	CFR Pontevedra (Aula 1º andar) Rúa Celso Emilio Ferreiro, 4 36005 Pontevedra
VIGO	mércores, 25 de outubro (18:00 h)	Edificio administrativo da Xunta en Vigo, Rúa de Concepción Arenal, 8 36201 Vigo

2 Visitas e asesoramento das coordinadoras de área aos centros educativos

As coordinadoras territoriais, por iniciativa propia ou en resposta á solicitude dos centros, desprázanse con frecuencia para labores de asesoramento ou para asistir a actos relacionados cos EDLG. Procuran, sempre que sexa posible, visitar os lugares próximos no mesmo día e avisar da visita con antelación. Así mesmo, tamén realizan moi a miúdo o asesoramento por vía telemática e telefónica ou ben de forma presencial.

Nestes contactos, transmiten información e atenden consultas sobre diversos temas (actuacións da Secretaría Xeral da Lingua, axudas e subvencións, lexislación dos EDLG, proxectos lingüísticos de centro, certames e materiais do Día das Letras Galegas, envío de contactos para realizar actividades dinamizadoras, intercambio de información sobre actuacións que desenvolven os EDLG, proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, concurso Nós tamén creamos!, programa 21 días co galego e +, novos recursos e materiais, exposicións etc.).

O labor de asesoramento tamén se seguiu a realizar a miúdo de forma telefónica ou telemática, pois mostrouse como unha vía axeitada para resolver moitas dúbidas.



NÚMERO DE EDLG VISITADOS/ASESORADOS DE FORMA PRESENCIAL	
A CORUÑA	
	45
LUGO	
	18
OURENSE	
	30
PONTEVEDRA	
	28

3 Asesoramento e transmisión de información aos centros educativos

As coordinadoras envíanlles mensaxes electrónicas aos equipos directivos dos centros educativos e ao profesorado que realiza as funcións de coordinación dos EDLG. Son moi importantes, pois nelas transmiten información sobre actuacións da SXL (convocatorias e programas), certames tanto das institucións como dos EDLG dos centros, novos recursos e materiais publicados no Portal, actividades dos EDLG, iniciativas da RDL etc., orientan e resolven dúbidas e serven de canle de comunicación entre a SXL e os centros.

Este ano escolar, a coordinadora de Pontevedra encargouse de recoller e elaborar os textos dos correos, co apoio da coordinadora da Coruña para a redacción final.



CONVOCATORIAS DE AXUDAS E SUBVENCIONS

Proxectos de fomento do uso do galego para centros de titularidade pública e privados

Curso 2024-2025

AXUDAS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PÚBLICOS 2024-2025					
Resolución do 11 de decembro de 2024 (DOG nº 2 do 03.01.2025)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas (nome do centro, concello, contía)
Dotación: 450.000 € Resolución do 12 de xuño de 2025 (DOG nº 116 do 19.06.2025)	A Coruña Dotación: 171.837 €	330	326	4	12 IES do Milladoiro (Ames) 1138 € IES Rafael Dieste (A Coruña), 1138 € CEIP Raquel Camacho (A Coruña), 1083 € CEIP A Fraga (As Pontes de García Rguez.), 1032 € CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero), 1040 € IES Rego da Trabe (Culleredo), 1126 € CPI As Mirandas (Ares), 1083 € IES Félix Muriel (Rianxo), 1092 € IES A. Fraguas Fraguas (Santiago de Compostela), 1135 € CEIP de Sigüeiro (Oroso), 1075 € IES de Melide (Melide), 1092 € CPI de Atios (Valdoviño), 1000 €
	Lugo Dotación: 57.9785	117	117	0	4 IES de Becerreá, 1060 € IES Perdouro (Burela), 1149 € CEIP Gregorio Sanz (Ribadeo), 1132 € IES Basanta Silva (Vilalba), 1152 €
	Ourense	81	80	1	4 CEIP P. Julio Gurriarán



	Dotación: 40.335 €				Canalejas (O Barco de Valdeorras), 1000 € IES Xesús Taboada Chivite (Verín), 1103 € IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia), 1097 € CEIP P. Manuel Bermúdez Couso (A Pobra de Trives), 860 €
	Pontevedra 179.779 €	337	337	0	12 CEIP Espiñeira-Aldán (Cangas) 1089 € CEIP Feliciano Barrera (Ponteareas), 1046 € IES Chano Piñeiro (Forcarei), 1060 € IES Beade (Vigo), 1120 € CEIP de Laredo (Redondela), 1097 € CEIP Vicente Risco (Vigo), 1066 € CRA de Vilaboa (Vilaboa), 1023 € CEIP de Ardán (Marín), 1037 € CEIP do Foxo (A Estrada), 1060 € CEIP Pérez Viondi (A Estrada), 1118 € IES Carlos Casares (Vigo), 1092 € IES Marco do Camballón (Vila de Cruces), 1077 €

SUBVENCÍONS AOS PROXECTOS DE FOMENTO. CENTROS PRIVADOS 2024-2025					
Resolución do 11 de decembro de 2024 (DOG nº 2 do 03.01.2025)		Proxectos presentados	Proxectos admitidos	Proxectos excluídos	Máximas
	A Coruña 18.971 €	42	42	0	1 CPR Calasanz-Escolapios (A Coruña) 976 €
Dotación: 45.000 €	Lugo 4.403 €	12	12	0	1 CPR Promotora Educativa Lucense Galén (Lugo) 900 €
Resolución do 18 de xuño de	Ourense	16	16	0	1



2025 (DOG nº 121 do 26.06.2025)	6.707 €				CPR Plurilingüe M ^a Auxiliadora (Ourense), 987 €
	Pontevedra 13.868 €	39	39	0	1 CPR Eduardo Pondal (Cangas), 924 €

As coordinadoras territoriais forman parte das comisións de valoración provinciais, e realizaron o labor de recollida e análise de datos dos proxectos e a avaliación da parte técnica, coas correspondentes reunións das comisións.

Unha vez avaliadas as memorias dos proxectos, recollemos a seguir algunhas queixas que se trasladan neles:

-Malia que este curso incrementou a partida destinada aos EDLG en 100 000 €, os centros seguen a reclamar unha maior dotación orzamentaria pois concédense cantidades que ás veces só poden cubrir o custo dunha ou dúas das actividades planificadas.

-Outra queixa reiterada ano tras ano é a de que nos proxectos non se teñan en conta as actividades do 1.º trimestre: aseguran que non poder incluír na xustificación económica as facturas deste período ten tamén como consecuencia a acumulación de actuacións no 2.º e no 3.º trimestres, e a dinamización da lingua comeza co curso escolar.

-A data de resolución das axudas continúa a ser tardía: a resolución definitiva publicouse o 19 de xuño, co curso practicamente rematado.

-Outra solicitude que demandan os equipos é que aos dinamizadores non se lles conceden horas específicas para desenvolveren este labor nin para poder realizar reunións cos demais compañeiros e co alumnado, horas que terían que descontarse da súa carga lectiva.



CONCURSOS

1 Concurso-Exposición Letras Galegas

2024-2025: As cantareiras e a poesía popular	
Convocatoria do 21 de outubro de 2024 Prazo límite de presentación: 23 de xaneiro de 2025	6 proxectos presentados - 3 da categoría A - 3 da categoría B Proxectos segundo o tipo de centro: CEIP (3), CPI (1), IES (1), CIFP (1),
Resolución do 14 de febreiro de 2025 Acto de entrega de premios: Cat. A: 12 de maio, CEIPP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda Cat. B: 5 de maio, IES Castelao, de Vigo	Categoría A: <i>As cantareiras e a poesía popular oral</i> , do CEIPP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda Categoría B: <i>Canta que cadramos ben</i> , do IES Castelao, de Vigo

Para estimular a participación, desde o curso 2017-2018 ofrécese unha certificación de primeiro premio de innovación educativa para o profesorado participante nos proxectos gañadores.

A coordinadora central realizou un asesoramento directo aos centros gañadores, co fin de revisar as exposicións e mais as guías didácticas e outros materiais complementarios e preparalos para a posterior edición física e dixital; esta última publicouse no Portal da lingua galega, antes do 17 de maio, para que todos os centros de ensino e outras entidades tivesen acceso a elas neste formato para esas datas.

Realizáronse tamén os envíos dos materiais a todos os centros educativos, concellos, centros de estudos galegos e outras entidades.

Por outra parte, tamén se realizaron os actos de entrega de premios e diplomas nos centros gañadores.

Coma en todas as edicións, a Empresa Vegalsa-Eroski elixiu un dos carteis (o nº 6 da exposición de primaria, nesta ocasión) para colocar nas súas cadeas de supermercados.

2 Colaboración en certames, concursos e premios dos centros de ensino

As coordinadoras colaboran na difusión de información sobre concursos e premios dos centros de ensino (a través do Portal da lingua galega e de mensaxes electrónicas, sobre todo no caso dos que teñen alcance autonómico), asisten aos actos de entrega de premios e mesmo colaboran na organización ou no proceso de selección nalgúns casos, como a gala Falemos + galego, ou o certame radiofónico do Vello dos Contos.

Concurso aRi[t]mar Galiza e Portugal

O EDLG da EOI de Santiago promove desde 2016 os premios de música e poesía en galego e portugués para o mellor poema e a mellor canción en galego e en portugués entre os publicados o ano anterior, co obxecto de fomentar a competencia lingüística e divulgar a lingua e cultura de Galicia e Portugal. Os galardóns contribúen a poñer en



valor o galego, ao presentalo como unha lingua con utilidade e proxección internacional, que nos permite relacionarnos cos países de fala lusófona, en consonancia coa Lei Paz Andrade.

Este certame está patrocinado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (a través da SXL e da Dirección Xeral de Cultura), a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e o Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participan as da Facultade de Filoloxía da USC, o Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, a EOI de Lugo, a EOI de Pontevedra, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, o Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Portugués pelo Camões en Galicia, os centros de estudos galegos de máis de 35 universidades do exterior, os centros de ensino secundario de fóra de Galicia en que se imparte galego e o público en xeral.

Curso 2024-2025	X edición
Mellor poema Galiza	«Onde imos agora», de Elba Pedrosa
Mellor poema Portugal	«Nao sei voar mas tenho», de Cátia Cardoso
Mellor canción de Galiza	"Quererse ben", de Mondra
Mellor canción de Portugal	"Amor de ferro», de Diogo Piçarra e Pedro Abrunhosa
Premio Especial do Xurado á Embaixada da Amizade Galego-Lusófona	Município de Braga
Gala de entrega dos premios correspondentes á edición do curso 2024-2025: outubro de 2025	

[Certame de *Podcast* e Relato Radiofónico Xosé Mosquera Pérez, O Vello dos Contos](#)

Certame organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e Arraianos Producións, coa colaboración da SXL. Tamén colaboran outras entidades como a EASD Mestre Mateo, a Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega, o Museo do Pobo Galego, a Radio Galega, a Fundación Antonio Fraguas e o Parlamento de Galicia.

O seu obxectivo é divulgar o labor desta singular figura do galeguismo e promover entre o alumnado a creatividade literaria e a radio en galego. Está destinado a alumnado de 5º e 6º de primaria e de todos os cursos de secundaria de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade e centros de Portugal. A temática dos *podcasts*, dunha duración máxima de cinco minutos, debe estar vinculada co autor ou autora ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas e/ou co patrimonio inmaterial galego-portugués. A presentación do certame e a gala de entrega de premios realízase no IES Rosalía de Castro.



A colaboración da SXL é económica, de agasallos de libros e participación na selección, como membro do xurado, a través da coordinación central. Tamén ofrecen lotes de libros a RAG e a Fundación Rosalía de Castro. A EASD Mestre Mateo elabora as estatuas dos premios e as institucións participan como xurado.

Curso 2024-2025- VII Certame <i>podcast</i>	
Categoría de educación primaria	• <i>Avoa Fita. O sentir do pasado</i>, do CEIP Mestre Valverde Mayo – Mos (Pontevedra) • <i>A nosa herdanza</i>, do CEIP Milladoiro – Malpica De Bergantiños (A Coruña)
Categoría de educación secundaria	• <i>Lanchiña que vas en vela</i>, do IES de Foz – Foz (Lugo) • <i>Da peneira á eternidade</i>, do IES Alexandre Bóveda – Vigo (Pontevedra)

Alén do anterior, recolleamos algunha queixa de centros que acoden ao evento de entrega de premios, cuxa asistencia lles supón un grande esforzo polo mes do curso no que ten lugar (xuño) con grande carga lectiva polos exames finais e con escaseza de tempo para algo que cualifican como baleiro de sentido, e na que perciben falta de previsión e escasa información por parte da organización.

Mostra de Entroido da Ulla

No 2024-2025 realizouse no CIFP Compostela a XII Mostra do Entroido, que, nesta ocasión, estivo centrada na celebración do Folión de Mormentelos (Vilariño de Conso). Colaboran nesta iniciativa CEE ASPANAES, El Raiola, CEIP Lamas de Abade, IES Lamas de Abade, CEIP Pérez Viondi, CEIP Apóstolo Santiago e CIFP Imaxe e Son. Unha ampla representación dos centros da contorna de Lamas de Abade estivo acompañada pola agrupación Abadiño Son, formación de música tradicional integrada por estudantes e docentes dos centros organizadores, e os Xenerais da Ulla, que fixeron de anfitrións dos Chocalleiros e Chocalleiras.

Concurso de Humor Gráfico Diego Peña Carro

O CPR Plurilingüe Esclavas do Sagrado Corazón de Xesús organiza este concurso destinado a alumnado de 5º de primaria a 4º da ESO de Galicia, en memoria do ex-alumno Diego Peña. A iniciativa, que xorde como parte dos festexos do Día das Letras Galegas que organiza o EDLG, pretende achegar a rapazada ao mundo da banda deseñada a través da súa expresión máis curta: o humor gráfico. As coordinadoras colaboran na divulgación da iniciativa.

No curso 2024-2025 convocouse a VIII edición deste certame de humor gráfico. A SXL tamén colaborou, como nas pasadas edicións, coa doazón dos agasallos (libros de lectura adaptados ás distintas categorías premiadas).



3 Colaboración en concursos e certames, de certas entidades, para os centros de ensino

As coordinadoras divulgan información sobre concursos de diferentes entidades destinadas ao alumnado dos centros educativos, entre eles o Concurso de Microrrelatos de Feiraco, o Concurso de Novos Talentos de Coca-Cola ou a Primavera das Letras da RAG (todos eles contan con colaboración da SXL), e outros certames de interese no ámbito educativo como os Premios Mil Primaveras.

Certame Ouff Escola

Concurso anual dirixido aos centros de ensino públicos e privados, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXL, co obxectivo de impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas. Resólvese no curso seguinte a aquel no que se convoca.

A SXL colabora como participante no xurado e economicamente nesta actividade.

É importante difundir esta iniciativa a través do correo electrónico e do Portal da lingua galega para estimular a participación e conseguir que os recursos que o alumnado vai creando ao longo do curso sexan galardoados, coa consecuente repercusión na promoción da lingua galega. Cómpre salientar que na última edición a participación foi máis elevada talvez polo esforzo na divulgación.

2023-2024	TRABALLOS INSCRITOS	TRABALLOS GANADORES do XV Certame Ouff Escola
INFANTIL e PRIMARIA	30	Primeiro premio: <i>A liberdade</i>, CEIP Otero Novas, Cortegada (Ourense) Segundo premio: <i>Os pauciños conquistan</i>, CEIP Padre Crespo, Xunqueira de Ambía (Ourense) Terceiro premio: <i>As aventuras da Saleta</i>, CEIP López Ferreiro, Santiago de Compostela (A Coruña) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>Soños para levar</i>, CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, Pontearreas (Pontevedra) Mención especial: CPR Luis Vives (Ourense)
ESO/ BAC	21	Primeiro premio: <i>Imos alá</i>, IES Carlos Casares, Vigo (Pontevedra) Segundo premio: <i>O Suso</i>, IES Beade, Vigo (Pontevedra) Terceiro premio: <i>A maxia da poesía</i>, IES Maximino Romero de Lema (A Coruña) Premio Blanco Amor ao mellor guión: <i>Un guión de primeira</i>, IES Agra do Orzán (A Coruña)
VARIOS		Sen premios
Límite do prazo para participar: 08.07.2024 Gala de entrega de premios: 20.11.2024		



Encontros de teatro escolar e amateur do Concello de Bande con motivo das Letras Galegas

Un total de 14 centros escolares e grupos afeccionados das provincias de Lugo, Pontevedra e Ourense confirmaron a súa participación nos XXX Encontros de Teatro Escolar e Amateur no salón de actos do CEIP Xoaquín Lourenzo, en Bande. O programa desenvolveuse do día 12 ao 16 de maio de 2025.

Este evento que conmemora o 17 de maio, Día das Letras Galegas, só admite obras escritas integramente en galego e todos os centros participantes reciben un premio en metálico e diploma de participación.

A inauguración destes encontros tivo lugar o luns, 12 de maio, ás 10:00 h no salón de actos do Concello de Bande. Arrancou o evento coa representación da primeira obra *A favor de obra* por parte do alumnado de 6º de educación primaria do CEIP Xoaquín Lourenzo. A clausura destes Encontros correu a cargo do alumnado de 4º de ESO do IES Aquis Querquernis coa obra *Porteira es ti*. A programación contou con variedade de xéneros e de temáticas teatrais coa adaptación de varios clásicos.

A coordinadora territorial colabora na divulgación destes encontros organizados polo Concello de Bande en colaboración co CEIP Lourenzo Xocas e o IES Aquis Querquernis desta vila, ademais de asistir á inauguración e ao centro para ver as obras teatrais.

Premios Irmán Reboiras ás Mellores Iniciativas de Fomento do Galego

Este certame organizado por Ferega conta co apoio da SXL, tanto no plano económico como na selección dos proxectos, na que participa a coordinadora central.

A entrega destes premios ten lugar durante as xornadas de normalización lingüística organizadas por Ferega no mes de novembro, nas que se analiza a figura á que se lle van dedicar as Letras Galegas.

Curso 2024-2025	Entrega na XX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega
1º Premio Irmán Reboiras 2024	Proxecto <i>Elefzeria</i> do colexio María Assumpta de Noia
2º Premio Irmán Reboiras 2024	Proxecto de creación de Stickers con fraseoloxía galega, do centro Carmelitas de Ourense

Concurso de Curtametraxes Rec-Curta

Actividade de potenciación e dinamización da lingua galega no ámbito do audiovisual, organizada por Ferega en colaboración coa SXL e os EDLG e destinada a alumnado de ESO, bacharelato e FP de centros pertencentes a Ferega-CECA.

Premios Rec-Curta 2024	Curso 2024-2025
1ª categoría (6º de EP; 1º,	Mellor docu-ficción: <i>Carmen</i>, do Colexio María Inmaculada de Vigo



2º ESO)	- Mellor actriz principal e actrices secundarias: <i>O eco da perda</i>, do colexio María Inmaculada de Vigo - Mellor uso da lingua: <i>Carmen</i> do Colexio María Inmaculada de Vigo
Accésits	Mención especial ás imaxes de época e á Mellor interpretación da música tradicional: <i>Carmen</i> , do Colexio María Inmaculada de Vigo
2ª categoría (3º e 4º ESO, bacharelato e FP)	- Mellor película: <i>O eco do silencio</i>, do colexio María Inmaculada de Marín - Mellor actuación feminina: Uxía Troncoso, por <i>O eco do silencio</i> (colexio María Inmaculada de Marín), e Lidia Castro, por <i>As voltas da vida</i> (colexio Maristas de Lugo) - Mellor interpretación coral feminina: María Antelo, Keila Sánchez, Antía Adán, Valentina Rodríguez, Rocío Botana e Alba Geada, por <i>Quérote avoa</i>. - Mellor documental guionizado: <i>Elefzeria</i>, do colexio María Assumpta de Noia - Mellor actuación masculina: Adrián Pérez, de <i>Estrobo</i> (María Assumpta de Noia), e Pablo Ares, de <i>Therafosidae</i> (San Juan Bosco da Coruña) - Mellor música orixinal: Alba Seco, por <i>Silencio</i> (colexio Franciscanos de Lugo) - Mellor uso da lingua: Adrián Pérez, por <i>Estrobo</i> (María Asumpta de Noia) - Mellores actores secundarios: <i>Therafosidae</i>, do colexio San Juan Bosco da Coruña
Accésits	- Aos mellores efectos especiais e de maquillaxe: <i>Quérote avoa</i>. - Aos mellores valores: <i>As voltas da vida</i> - Ás mellores localizacións: <i>Therafosidae</i> - Á mellor fotografía: <i>Estrobo</i> - Á mellor edición e realización: <i>Silencio</i> - Á escenografía: <i>O custo do prexudicial</i>, do colexio Inmaculada de Lugo

Concurso de Novos Talentos de Relato Curto

Iniciativa da Fundación Coca-Cola que conta coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua. Busca promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura en lingua galega entre o alumnado de 2º da ESO e darlles visibilidade ás novas promesas da literatura galega.

A decisión de divulgar ou non o certame depende de que o material que presentan estea integramente en galego.

Neste curso 2024-2025, o certame seguiu a desenvolver a través da plataforma dixital e mantívose o estímulo colaborativo. O acto de entrega de premios realizouse no salón de actos do Pazo de San Roque no mes de xuño. O premio autonómico consistiu nunha viaxe a Madrid para asistir a cursos de escritura creativa e a diversas actividades culturais e lúdicas.



Premio autonómico de galego 2024-2025	
A Coruña	Gabriela Villada, CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo (Cee)
Premios provinciais	
Pontevedra	Gabriel Melón- Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas)
Ourense	Raymar de los Ángeles- Colexio San José- Josefinas
Lugo	Gael Viñas-IES Nosa Señora dos Ollos Grandes
A Coruña	Gabriela Villada- CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo (Cee)

Premio Anual Otero Pedrayo para alumnado de ESO e bacharelato

A Fundación Ramón Otero Pedrayo, co apoio da SXL, convoca o Premio Anual Otero Pedrayo para alumnos de ESO e bacharelato para contribuír ao coñecemento da personalidade do escritor entre as mozas e mozos galegos. Premia traballos escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de 15 folios; e traballos audiovisuais (vídeo, radio...) de ata 20 minutos.

2024-2025	Límite do prazo para participar:	TRABALLOS GANADORES
	Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes de ESO	<i>O borracho</i> , traballo do alumnado de 3º do IES Alexandre Bóveda, de Vigo
	Premio ao mellor traballo escrito ou audiovisual realizado por estudantes de bacharelato	<i>Bocarribeira</i> , de Marta Bouzo e Aldara Rodríguez, do IES Aquis Querquernis, de Bande
	Accésit	<i>Fálase tanto... e con tan pouco tino</i> , de alumnos de 4º do IES Breamo, de Pontedeume

III Premio de Oratoria en formato *podcast* Ramón Otero Pedrayo

A Asociación Amigos de Otero Pedrayo convocou no curso 2024-2025, coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua, o III Premio de Oratoria en formato *podcast* Ramón Otero Pedrayo, destinado a estudantes de 15 a 25 anos de idade coa finalidade de incentivar a expresión correcta e as habilidades comunicativas mediante o cultivo da expresión oral e da oratoria, con técnicas actuais para a sociedade dixital.

Pódense presentar *podcasts* e vídeos sobre temas ligados ao universo de Pedrayo como o medio natural, o territorio, o patrimonio, a historia, a xeografía, a comunicación oral ou a tradición oral. As pezas envíanse ao correo asociacion.amigos.de.otero.pedrayo@gmail.com entre o 10 de febreiro e o 25 de xullo de 2025.



A resolución do III Premio *pódcast* de Oratoria deste curso 2024-2025 recaeu nas seguintes persoas:

2024-2025	TRABALLOS GANADORES
	<i>Entre libros e risos</i> , de Carlota Gallego e Aldara Gareia, do colexio Divina Pastora de Ourense <i>Ave, Pedrayo</i> , alumnos de 4º da ESO do CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús, de Ourense <i>Vida de Ramón Otero Pedrayo</i> , de María Álvarez Vázquez, do colexio María Auxiliadora de Ourense

COLABORACIÓN EN INICIATIVAS DOS CENTROS DE ENSINO

Convivencia de educación infantil Cholo e Nela, Ciencia e conciencia

Un arco coidadosamente engalanado con globos de cores á entrada do CEIP Manuel Respino da Rúa recibía os arredor de 800 participantes na XXIV Convivencia de Educación Infantil Cholo e Nela. A partir das dez da mañá do 28 de maio de 2025, unha multitude de escolares chegados de diferentes puntos do oriente ourensán e tamén do Bierzo, acompañados por profesores, nais e pais, comezaban a chegar. Xusto á beira dese arco un gran panel anunciaba a temática desta edición «Ciencia e conciencia», na que Cholo e Nela, xunto aos meniños e meniñas, xogaban a ser científicos e científicas e a experimentar, desenvolvendo o seu enxeño e creatividade.

O alumnado tivo a oportunidade de explorar un mundo de experimentación e descubrimento, unha proposta crítica desde a educación, facendo fincapé na ciencia en feminino da man de catro referentes: Hipatia de Alexandría, Ánxeles Alvariño, a valdeorresa Evelina Hervella e Antonia Ferrín.

Dunha maneira divulgativa, didáctica e lúdica, esta convivencia pretende percorrer «o mundo e a historia detrás da busca científica, espertando a curiosidade dos nenos e nenas dende o traballo compartido das familias e as mestras e mestres. Pola súa vez, búscase «promover o uso do galego e visibilizar a muller na ciencia en Galicia», sinalaban os promotores da cita. Unha cita que aposta pola promoción dos valores culturais e patrimoniais da lingua galega, as lendas, a diversidade, as habilidades sociais, as emocións..., e por suposto, a música e a diversión.

O programa incluía obradoiros, xogos e contacontos, ademais de música e dunha zona de exhibicións por parte das forzas e corpos de seguridade, así como doutras entidades vinculadas ás emerxencias. Por esas áreas realizaron unhas cinco rotacións. A convivencia, na que por suposto non faltaron Cholo e Nela, finalizou xa pola tarde.

Nesta edición participaron o CEIP Julio Gurriarán, CEIP Condese de Fenosa, CEIP Otero Pedrayo e CPR Divina Pastora do Barco, o CEIP Virxe do Camiño de Rubiá, o CPI Tomás



Terrón Mendaña de Sobradelo, o CEIP Casaio (Carballeda de Valdeorras), o CEIP Manuel Respino e o CPR Pablo VI-Fátima da Rúa, o CEIP de Manzaneda, o CEIP Manuel Bermúdez Couso de Trives, o CEIP da Veiga, o CEIP X. M. Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras e o colexio de Cubillos del Sil (León).

Máis de oitocentas persoas, entre adultos e nenos, participaron na convivencia Cholo e Nela 2025. Foron 500 os estudantes de infantil e primaria que acudiron a esta cita, en todo momento supervisada polos preto de 300 pais e profesores.

Tamén asistiron docentes de varios colexios da zona de Ourense «de cara a explorar a posibilidade de que no vindeiro curso se organice outra xornada deste tipo nesa zona da provincia, a maiores da que xa temos aquí», dixeron os organizadores da convivencia.

PROGRAMAS E PROXECTOS

1 Proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística

Coa finalidade de fomentar o desenvolvemento de proxectos educativos innovadores no eido do emprego da lingua galega, que se alicercen na mellora da práctica profesional, do resultado do proceso educativo e que provoquen un impacto duradeiro, a SXL e mais a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa presentan anualmente a convocatoria para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística, dirixida aos centros docentes de titularidade pública de Galicia.

De entre os proxectos presentados, a Comisión de valoración selecciona cinco, que reciben a consideración de excelentes, unha dotación económica de 2000 € e apoio e asesoramento das coordinadoras da SXL. As súas experiencias difúndense a través da rede e da páxina web o Portal da lingua. O profesorado participante nos 5 proxectos galardoados recibe unha certificación de primeiro premio de innovación educativa.

No curso 2016-2017, incluíronse por primeira vez como programa no Plan Proxecta. Os centros admitidos en Proxecta teñen a obriga de se presentaren á convocatoria, que está aberta tamén a centros de fóra do plan. A partir do curso 2023-2024 acordouse que o límite de proxectos admitidos polo Plan Proxecta pasaría de 20 a 25.

As coordinadoras asesoran os centros inscritos en Proxecta (e tamén os participantes do concurso na modalidade libre que o solicitan), de forma presencial e telefónica ou telemática; participan na selección de solicitudes do programa, realizan as memorias de valoración e forman parte da comisión que selecciona os cinco proxectos gañadores. A coordinadora central descarga e comproba toda a documentación, revisa as solicitudes e, como membro da comisión de selección, realiza o informe técnico co apoio das coordinadoras. Unha vez seleccionados os cinco gañadores, estes son publicados no Portal da lingua galega, previa revisión e edición por parte da coordinadora central, que así mesmo revisa as memorias e a xustificación dos gastos dos premiados.



CURSO 2024-2025		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
29 proxectos 32 centros	20 8 da provincia da Coruña 2 da provincia de Lugo 2 da provincia de Ourense 13 da provincia Pontevedra	12 7 da provincia da Coruña 5 da provincia Pontevedra
Convocatoria 09.12.2024 Resolución 01.07.2025	do do	• <i>Música e poesía: movendo a lingua</i>, do CMUS Xoán Montes e a EOI de Lugo • <i>VERSoamos</i>, do CEIP Ría de Vigo, IES Coruxo e CMUS de Vigo (Pontevedra) • <i>Somos diferentes, somos referentes</i>, do IES do Milladoiro, Santiago (A Coruña) • <i>Gif menú: Que vai ser?</i>, do IES de Sanxenxo (Pontevedra) • <i>Escollemos galego</i>, do IES San Clemente, Santiago (A Coruña)

Como o seu nome indica, son «proxectos» que moitas veces non se chegan a desenvolver na súa totalidade, ofrecendo propostas e actividades que non se realizan. Na súa valoración final debemos ter sempre en conta cantas das actividades propostas no proxecto se executan sen necesidade de chegar ao final do curso escolar. E incidir na convocatoria en que os centros presentados «amosen» no seu web as máximas evidencias.

2 Nós tamén creamos!

A SXL puxo en marcha en 2010-2011 o **programa** Nós tamén creamos! para incrementar o uso do galego entre as xeracións máis novas e fomentar a súa presenza nos centros de educación infantil e primaria a través da creatividade e da incorporación das TIC nas aulas, máis en concreto, mediante a creación de curtametraxes en galego. Este proxecto inclúe unha dotación de libros infantís para cada centro seleccionado, así como formación e asesoramento ao profesorado para que poida realizar co alumnado curtas de animación coa técnica *stop motion* baseadas nos libros proporcionados. No curso 2013-2014, o programa foi incluído no Plan Proxecta e ampliou a formación docente, que pasou a ser anual, con parte presencial e parte en liña, para os centros admitidos. A coordinadora central realiza a xestión deste programa (revisión de solicitudes, selección dos libros, revisión dos contidos do curso, avaliación de memorias...) ata a súa conclusión final coa convocatoria e resolución das curtas premiadas.

Desde o ano lectivo 2011-2012, a SXL convoca anualmente o **concurso** Nós tamén creamos!, asociado ao programa, para centros de titularidade pública. Establece catro categorías: educación infantil, 1º e 2º de primaria, 3º e 4º e 5º e 6º de primaria.

Nós tamén creamos! desenvólvese en colaboración con OQO Editora e a Televisión de Galicia (CSAG). As curtas premiadas publícanse no web da SXL. Grazas á colaboración



coa entidade galega, estas curtas de animación poden verse na aplicación Xabarín e na sección infantil da súa canle, e por iso teñen un efecto aínda máis positivo na promoción da lingua galega, que non se restrinxen ao ámbito de cada centro, senón que chega a un público moito máis amplo, mesmo de fóra da Comunidade Autónoma. Por outra parte, o centro gañador na modalidade dos últimos cursos de primaria (5º e 6º) ten a posibilidade de participar no Festival de Cans (O Porriño).

A partir do curso 2022-2023 acordouse conceder un accésit, de ser o caso, para cada categoría.

Curso 2024-2025		
	Datos de participación	
Total	Centros no Plan Proxecta	Centros fóra do Plan Proxecta
35 curtas	19 centros	10 centros
Convocatoria: 18.10.2024 Resolución: 27.05.2025	Centros gañadores:	
	<u>Categoría 1:</u> 2º ciclo de educación infantil <i>Árbores no camiño</i> , do CEIP Xesús Golmar, de Lalín (Pontevedra) Accésit: <i>O avó de Zulaimar</i> , do CEIP Xosé Manuel Folla Respino, de Vilamartín de Valdeorras (Ourense)	
	<u>Categoría 2:</u> 1º e 2º cursos de educación primaria • <i>Valentina</i> , do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, de Vigo (Pontevedra) Accésit: <i>Coas mans baleiras</i> , do CEIPP da Espiñeira-Aldán, de Cangas (Pontevedra)	
	<u>Categoría 3:</u> 3º e 4º cursos de educación primaria • <i>Navega, caracol</i> , do CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña)	
	<u>Categoría 4:</u> 5º e 6º cursos de educación primaria • <i>O avó de Zulaimar</i> , do CEIP Santo André de Xeve (Pontevedra)	

Suxestión: Cómpre considerar a proposta feita en numerosas ocasións, tanto polas persoas que organizan e xestionan o curso e o desenvolvemento das curtas como pola coordinadora que leva o maior peso do programa, abrir un espazo propio no noso Portal da lingua para albergar todas as curtas premiadas, que lles dea máis visibilidade e que resulte de fácil acceso, especialmente nestes tempos en que tanto se reclaman máis contidos audiovisuais para educación primaria.

3 Proxecto Didáctico Antonio Fraguas

O proxecto didáctico Antonio Fraguas é unha iniciativa encamiñada á realización de pescudas sobre o patrimonio galego nos centros escolares de Galicia. O ámbito temático abrangue un ou varios dos seguintes campos: etnografía, antropoloxía,



xeografía, historia ou arte da contorna inmediata do centro. Un capítulo do traballo dedícase a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) vinculado ao tema proposto. Valóranse as accións que fomenten a educación en igualdade e/ou o coñecemento do patrimonio material e inmaterial relacionado cos camiños de Santiago. Conta co apoio da SXL e está recoñecido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como proxecto de innovación educativa incluído no Plan Proxecta.

De forma paralela, convócanse, cunha periodicidade bianual, os **premios** do proxecto didáctico Antonio Fraguas, organizados pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas co apoio da SXL e dotados con 7000 € para cada centro galardoado.

CURSO 2023-2024	PROXECTOS PREMIADOS
Categoría de educación primaria	<i>Viva o entroido vivo. Lingua, festa e comunidade</i> , do CEIP Lamas de Abade, CEIP Apóstolo Santiago (Santiago) e CEIP Pérez Viondi (A Estrada)
Categoría de educación secundaria	<i>A sustentabilidade das artes de pesca a través do proceso de encascado de redes: o caso de Burela</i> , do IES Monte Castelo (Burela)

4 Programa 21 días co galego e +

21 días co galego e + é un programa promovido pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da SXL, co fin de promover o uso do galego oral dentro e fóra dos centros de ensino, de acordo co Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. Baseado nos 21 días que se consideran necesarios na adquisición dun hábito, naceu no IES da Pobra do Caramiñal, da man da profesora Pilar Ponte, co obxectivo de perfeccionar a competencia do alumnado e promover a reflexión individual sobre os usos lingüísticos propios. O alumnado que participa adquire o compromiso de vivir tres semanas usando a lingua galega en todos os ámbitos, reflexionando sobre o que esa práctica significa e contando a súa experiencia en vídeos ou *podcasts*. En 2015, recibiu un premio de innovación educativa en dinamización lingüística e o curso seguinte sumouse o alumnado do CPR Fogar de Santa Margarida da Coruña e recibiu o primeiro acto de recoñecemento da Real Academia Galega a unha actividade educativa.

No **curso 2018-2019**, a SXL decidiu expandir a iniciativa e creou un programa experimental para 4 centros de ensino secundario de cidades ou vilas moi castelanizadas (máis necesitadas de iniciativas de dinamización da oralidade): o IES Pontepedriña de Santiago de Compostela; o IES Antón Alonso Ríos de Tomiño; o IES Otero Pedrayo de Ourense; e o IES Francisco Daviña Rey de Monforte de Lemos.

No 1º trimestre, despois da selección dos centros realizada polas coordinadoras, creáronse contas nas RRSS e o blog <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais/>, deseñouse a marca e o logo e preparáronse os carteis, as camisetas e chapas de agasalho para todos os participantes. Os centros crearon os materiais para o blog dos 21 días de forma colaborativa.

Nesa edición, participaron 95 docentes e 1316 alumnas e alumnos de 12 a 18 anos dos catro institutos. No blog [21diascogalegoemais.gal](https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais.gal), pensado para difundir as creacións dos centros participantes, cada día, unha entrada indícalles aos rapaces e rapazas as

tarefas que deben realizar (incluídas as gravacións onde deixarán constancia das súas reflexións sobre a experiencia). A iniciativa espallouse a través das contas do programa nas redes sociais e na Xornada InquEdu os centros amosaron os materiais creados.

O impacto da actividade nas redes foi moi elevado: o blog foi seguido por unha chea de adolescentes; a canle de YouTube rexistrou unhas 15 500 reproducións dos vídeos; Instagram acadou máis de 300 seguidores; a páxina en Facebook foi visitada por 7634 persoas (e houbo 4758 interaccións entre o público e a páxina), e o alcance da de Twitter elevouse ata as 14 900. Nos medios máis convencionais (prensa, TVG, Radio Galega, TVE), a repercusión tamén superou todas as expectativas.

A iniciativa recibiu o Premio Rosalía de Castro de Lingua da Deputación da Coruña.

No **curso 2019-2020**, incrementouse ata 10 o número de centros. Como novidade, ademais dos carteis, camisetas e chapas, cada centro recibiu unha dotación de 1000 € para desenvolver o programa (procedente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e da SXL no caso do CPR) e un obradoiro audiovisual.

O secretario xeral de Política Lingüística presentou os 21 días en múltiples foros, entre eles en Bruxelas, e o programa foi obxecto nesta edición dos seguintes recoñecementos:

- Entrega do Premio da Cultura Galega de Lingua 2019 a Pilar Ponte polo seu programa 21 días co galego e +.
- Entrega do X Premio de Lingua Rosalía de Castro á Promoción da Lingua Galega na infancia e mocidade 2019.
- 21 días co galego foi finalista nos Premios da Gala do Libro Galego 2020 dentro dos Premios a traxectorias (categoría de iniciativa cultural ou fomento da lectura).

No curso 2020-2021, malia a pandemia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiu a apostar pola dinamización da lingua galega entre a mocidade e mantivo o programa noutros 10 centros educativos das catro provincias. Novidades:

- O programa desenvolveuse por primeira vez de xeito experimental en cursos de educación primaria (de 3º a 6º) no CPR Maristas A Inmaculada de Lugo.
- Xeneralizouse a participación de todas as materias nas actividades dos centros (respectando a lexislación vixente), de maneira que o proxecto deixou de estar ligado sobre todo á Lingua Galega e Literatura para abranguer todo o sistema educativo (a realización das píulas informativas converteuse en traballo de aula de todas as materias, agás as de obrigada docencia en castelán, e a realización das actividades fóra da aula estendeuse a todas).
- Conseguiuse a colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos para achegarlle os 21 días co galego e + ao alumnado, ás súas familias e á poboación en xeral: acadouse a participación no programa *Galicie por Diante* da Radio Galega cunha sección diaria fixa durante os 21 días, na que o alumnado de cada un dos centros, acompañado polo seu profesorado, tivo a oportunidade de expoñerlle á sociedade galega os proxectos nos que están a traballar e cos que contribúen aos 21 días co galego e +; e os membros do programa da TVG *Dígocho eu!* colaboraron cos 21 días mediante a realización de encontros virtuais



con nove dos centros e un encontro presencial sorpresa no IES As Mariñas de Betanzos.

No **curso 2022-2023**, a maior innovación foi a celebración do **I Encontro 21 días co galego e +** no Auditorio Fontán da Cidade da Cultura o 28 de febreiro. Neste acto xuntáronse máis de 700 persoas procedentes dos 12 centros participantes que encheron o auditorio de actuacións en galego creadas pola propia rapazada dos centros.

No **curso 2023-2024**, o programa chega á súa sexta edición e desenvólvese por primeira vez exclusivamente en centros de educación primaria, para atender as franxas de idade con menor presenza de galegofalantes.

Nesta ocasión os 21 Días co Galego e + marcou un novo récord en número de participantes e foron 4587 persoas (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos) as que viviron esta experiencia.

Neste curso 2024-2025, tivo lugar a sétima edición, con 10 novos centros de infantil e primaria.

CEIP Francisco Vales Villamarín, de Betanzos

CEIP Emilio González López, de Cambre

CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha, A Coruña

CEIP Plurilingüe do Carballal (Marín)

CEIP Plurilingüe de Sequelo (Marín)

CEIP Manuel Cordo Boullosa (Ponte Caldelas)

CEIP Albeiros, Lugo

CEIP Illa Verde, Lugo

CEIP Julio Gurriarán, O Barco de Valdeorras

CEIP Manuel Respino, A Rúa

Esta edición contou con 3990 persoas participantes; delas, 3492 foron alumnas e alumnos, 382 profesoras e profesores e 116 membros do persoal de administración e servizos.

A gran **novidade desta edición** foi a incorporación de 3 actividades lúdicas e didácticas para os centros participantes, ofertadas dende a SXL, e que tiñan lugar ao longo das tres semanas de duración do programa, a razón dunha por semana: contacontos, taller de regueifa e actuación musical.

Xestionouse o desenvolvemento do programa a través da súa páxina oficial, o blog <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais>. Respecto da presenza na Rede, na seguinte táboa reflíctense os datos máis salientables.

Páxina de Facebook	Seguidores 1544 (71,5 % de mulleres)
	Ata 14 986 persoas de alcance
	126 publicacións nesta edición



Conta de Instagram	1318 seguidores
	524 publicacións
Conta de X	427 seguidores
Conta de YouTube	358 subscritores
	158 292 reproducións
	5032 horas de visualización
	628 vídeos
	86 listas de reprodución
	834 187 impresións
	20,2 % de audiencia menor de 24 anos
	63,2 % da audiencia son mulleres fronte a un 32 % de homes
	262 subscritores

Á vista dos datos, podemos considerar que as cifras son satisfactorias se temos en conta que a vida real destas contas se limita a tres semanas ao ano e que se trata dun programa educativo.

III Encontro 21 días co galego e +

O III Encontro 21 Días co Galego e + tivo lugar o 25 de febreiro no Palacio de Exposicións e Congresos de Santiago de Compostela.

Esta xuntanza lúdica e didáctica reuniu na capital preto de 600 participantes para intercambiar experiencias, música e xogos ao longo da xornada na que estiveron presentes, entre outras autoridades, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

Asistiron ao acto alumnado e profesorado dos dez centros participantes, entre este atopábanse os coordinadores dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega de cada un dos colexios.

As actuacións dos diferentes centros foron dando conta da riqueza e diversidade da nosa cultura a través de música, bailes, monicreques, pandeireteiras, regueifas e contos.

Foi a actividade mellor valorada polo alumnado participante nela.

5 Programa Falamos +

Falamos + é un programa de dinamización lingüística no ámbito educativo que nace no ano académico 2024-2025 impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e coordinado pola profesora Pilar Ponte. Esta iniciativa quere dinamizar a utilización activa do galego nos centros de ensino a través de propostas de carácter lúdico creadas polos propios centros e as familias, que acheguen o alumnado e a súa contorna ao patrimonio cultural galego tradicional e especialmente a aquel máis moderno e descoñecido para a maior parte do alumnado.



Este programa desenvolveu as súas actividades nunha decena de centros educativos de todo o territorio e con diferentes características poboacionais dende o 10 ata o 28 de marzo de 2025. Cada centro recibiu unha camiseta oficial de Falamos+ coa icona do programa para cada unha das persoas participantes e unha actividade consistente nun concerto.

A diferenza doutras iniciativas de dinamización da lingua en centros educativos, Falamos + céntrase no desenvolvemento do apego lingüístico a nivel emocional que diriximos de tres formas:

- Mediante a vinculación de experiencias de carácter lúdico co uso da lingua galega.
- Por medio da creación dun ambiente ilusionante e de socialización positiva.
- A través do fortalecemento dos nexos de unión da comunidade educativa.

Para isto creouse cos colexios un calendario de actividades semanal, para desenvolver nos períodos dos recreos, con cinco puntos de interese diferentes segundo o día da semana.

Os luns falamos (conversas, monólogos, contos, lendas, teatro...)

Os martes xogamos (xogos de todos os tipos incluíndo xogos de lingua como pasagalegos, tabús, adiviñas...)

Os mércores facemos ciencia (levamos a cabo propostas lúdicas relacionadas con diferentes disciplinas científicas, xogos de lóxica, de química...)

Os xoves escribimos e lemos (xogos de escritura creativa, lecturas dramatizadas e propostas de lectura para todas as idades)

Os venres cantamos e bailamos (botamos man de temas musicais tradicionais e modernos para bailalos e cantalos)

Dende a Secretaría Xeral da Lingua apostouse por facer chegar o programa ao máximo número de alumnado posible, e grazas ao traballo do equipo de coordinadoras chegouse a dez centros e contou con 3067 persoas participantes, das cales 2765 son alumnas e alumnos e 302 profesorado e membros do persoal de administración e servizos.

CEIP de Prácticas López Ferreiro (Santiago)

Colexio Divino Maestro (Santiago)

CPI de Atios (Valdoviño)

CPI Virxe da Cela (Monfero)

CEIP Frei Luís de Granada (Sarria)

CPR Sagrado Corazón (Ribadeo)

CEIP O Couto (Ourense)

CEIP Ramón Otero Pedrayo (O Barco de Valdeorras)

CPI Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea)

CPI Plurilingüe Alfonso VII (Caldas de Reis)

O programa tivo presenza virtual a través dunha páxina oficial e das súas contas en diferentes redes sociais.

6 Fala que fala

Programa radiofónico dirixido a alumnado de 1º e 2º de ESO no que á rapazada se lle brinda a oportunidade de poñer en valor a nosa lingua, achegarse ao traballo que se realiza nunha emisora de radio e interactuar con figuras relevantes tanto do concello como do ámbito docente.

Radio Líder, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua, trasladou os seus estudos durante os meses de febreiro a xuño ata seis centros educativos, dende os cales se emitía un programa en directo de 2 horas de duración que se difundiu por toda a rede de emisoras de Radio Líder, presentes nas catro provincias, e tamén a través do web www.radiolider.com.

Durante o programa, o alumnado participou en distintas dinámicas a prol do galego (pílulas informativas sobre usos correctos e incorrectos do galego, unha aula dicionario coas expresións máis usadas polos rapaces na clase, palabras favoritas da rapazada...). Ademais, a iniciativa incluíu a gravación de reels e cuñas con pílulas nas que se recollía o significado dalgunhas palabras escollidas polo alumnado para o fomento do galego entre a mocidade.

Os centros participantes nesta edición foron os seguintes:

- IES Oroso (Sigüeiro)
- CPR Plurilingüe Liceo La Paz (A Coruña)
- IES Ordes (A Coruña)
- IES Manuel García Barros (A Estrada)
- CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro (O Carballiño)
- IES Faro das Lúas (Vilanova de Arousa)

Festa de clausura

Como remate final do programa realizouse unha xuntanza na Cidade da Cultura á que asistiu o alumnado que participou dos seis centros educativos.

Nela proxectáronse vídeos-resumos dos programas realizados e o alumnado subiu ao escenario para compartir a súa experiencia como locutores e creadoras de contido radiofónico en galego.

Ademais, como en cada un dos programas, o alumnado entrevistou a unha persoa relevante, nesta ocasión foi Valentín García Gómez, o secretario xeral da Lingua.



7 Propostas de dinamización: contacontos, regueifa, xogos, rap improvisado, tradición oral

Neste curso 2024-2025, as coordinadoras provinciais e a central propuxeron, por primeira vez, levar unha serie de actuacións de dinamización aos centros educativos, algunhas delas vinculadas á tradición oral e todas destinadas a normalizar o uso do galego no día a día das aulas. As coordinadoras seleccionaron os centros correspondentes das súas provincias, de xeito que ao final foron **90 os centros de infantil e primaria, de secundaria e bacharelato** aos que chegou algunha das propostas. Sabemos que é unha pequena intervención para o total de centros que hai na nosa comunidade, pero propoñemos darlle continuidade o vindeiro curso dada a boa aceptación e valoración que tivo por parte das rapazas e rapaces que puideron recibilos, dos docentes e das persoas responsables destas actuacións.

Así, para CENTROS DE PRIMARIA:

Trasládouse a **narración oral** a través dos contacontos a 20 centros de infantil e primaria (para espertar a imaxinación e o interese pola literatura nos máis cativos, transmitir valores fundamentais na vida diaria e traballar habilidades coma a atención, a escoita activa, a memoria, a imaxinación e a capacidade de expresión).

Realizáronse xornadas de **xogo** en 20 centros públicos integrados (CPI) de primaria e cursos de secundaria obrigatoria. Con este programa lúdico trabállanse diferentes temáticas e habilidades, o compañeirismo, a cultura, a lingua, e favorécese a concentración, o razoamento ou a aprendizaxe de valores, entre outros.

Para CENTROS DE SECUNDARIA:

Desenvolvéronse talleres de **regueifa** en 20 centros, para os primeiros cursos da ESO. Esta tradición incentiva o uso oral da lingua e outórgalle á rapazada ferramentas discursivas a través da improvisación oral en verso, ademais de proporcionarlles recursos musicais. Ferramenta lúdica mais tamén didáctica, pois pónense en práctica conceptos como a rima, a métrica, a estrofa e a melodía.

O proxecto de **rap improvisado** chegou a 20 centros co obxectivo de normalizar o uso da lingua entre a mocidade, procurando afastarse das habituais dinámicas machistas que adoitan acompañar as batallas de galos para crear un formato máis feminista e inclusivo, no que se valore a improvisación e a creatividade por riba da confrontación.

A **muller e a tradición oral** espallouse por 10 centros de secundaria a través dunha proposta musical e comunicativa na que se puxo en valor o patrimonio inmaterial e a muller como a portadora e transmisora da tradición oral.

Todas estas actuacións, un total de 90, desenvolvéronse nos meses de marzo-abril, para traballar xusto antes das Letras Galegas.

Entre as queixas dos responsables dos talleres, que cómpre termos en conta para o vindeiro curso, están as seguintes:

- grupos moi numerosos, ou desestruturados
- lugares inadecuados para desenvolver a actividade: pavillón
- profesorado ausente durante a actividade, ou falando en castelán, e pouco comprometido tanto coa actividade como coa lingua.



8 O novo universo Xabarín

A colaboración da Secretaría Xeral da Lingua coa Televisión de Galicia deu lugar a unha iniciativa que durante o mes de decembro se desenvolveu en 7 centros das 7 grandes cidades galegas, unha proba piloto na que unha presentadora acompañada do propio Xabarín lles ensinaban ás alumnas e alumnos de infantil e primaria toda a oferta de series e debuxos animados coa que desfrutar durante o Nadal, ademais das enormes posibilidades da plataforma xabarin.gal, que aglutina centos de horas de contidos en lingua galega para a cativada.

Nun espectáculo duns 15 minutos, fixeron un repaso pola historia do Xabarín Club, a iniciativa de maior éxito da historia da televisión pública galega, e deron a coñecer os éxitos máis recentes da plataforma, como Bibopalula, a primeira serie musical de debuxos en galego, ou o cordeiro Shaun, acompañándose das bandas sonoras das series.

Este espectáculo desenvolveuse nos seguintes centros educativos:

- CEIPP Anxo da Garda (A Coruña)
- CEIP Cruceiro de Canido (Ferrol)
- CEIP Froebel (Pontevedra)
- CEIP Ría de Vigo (Vigo)
- CEIP Pío XII (Santiago de Compostela)
- CEIP de Prácticas (Ourense)
- CEIP Sagrado Corazón (Lugo)

XORNADAS

1 Xornada do Día das Letras Galegas

O CAFI e a SXL, a través da coordinadora central e das coordinadoras provinciais dos EDLG, organizan unha xornada anual de formación para o profesorado, co obxectivo de dotalo de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Preséntanse as exposicións e guías didácticas premiadas no Concurso-Exposición das Letras Galegas e outros materiais creados polos EDLG dos centros, e especialistas e investigadores imparten relatorios ou conferencias.

A función do asesor do CAFI e das coordinadoras central e territoriais consiste na selección dos relatorios de centros con experiencias interesantes, na proposta de especialistas para impartir as conferencias, nos contactos con estes, na selección da data e na preparación dos materiais para entregar o día da actividade.

No curso 2024-2025, desenvolveuse a Xornada do Día das Letras Galegas, O Cancioneiro popular, o día 26 de abril, de 9:30 a 20:30 h no salón de actos do Pazo de San Roque. A través de relatorios de especialistas e mais das experiencias de traballo dos equipos de dinamización da lingua galega de diversos centros educativos, a actividade achegoulle información sobre os cancioneros e as cantareiras ao



profesorado encargado de divulgar a poesía popular oral e as súas transmisoras entre o seu alumnado.

No claustro de San Roque realizouse unha exposición dos cancioneros galegos, algúns deles cedidos pola Fundación Barrié e polo Instituto da Lingua Galega, mais tamén por particulares como Manuel Rico e Antón Santamarina. Esta exposición ía acompañada dun políptico elaborado para a ocasión.

Na primeira parte da xornada, interviñeron especialistas nos cancioneros (Manuel Rico, Sergio de la Ossa, Antón Santamarina) e coñecedores da vida das mulleres homenaxeadas (Richi Casás, Xosé Manuel e Icíá Varela, Xosé Manuel Fernández Pensado). Rematouse a mañá co espectáculo *Axudádeme a cantar*, de Felisa Segade e Nuria Gesteira, un proxecto que pon en valor o noso patrimonio inmaterial.

Xa pola tarde, participaron os centros gañadores do Concurso-Exposición das Letras Galegas nas categorías A e B (CEIPP Celso Emilio Ferreiro e IES Castela), que presentaron as exposicións e as guías didácticas premiadas e outros materiais. Así mesmo, tamén puidemos coñecer un amplo abano de experiencias educativas de diversos centros que traballaron sobre poesía popular oral e as cantareiras:

- «Espalla a regueifa pola Chá: a improvisación oral como ferramenta educativa», Almudena Falcón Folgueira (IES Basanta Silva, Lugo)
- Telexornal «As cantareiras», Milagres das Neves Romero e catro alumnas (CPI dos Dices, Rois)
- «Do `Heiche de tocar as cunchas ao son da miña gaitiña´ ao `Non preciso de ninguén que eu mesma xa me chego´. A evolución da imaxe feminina nas coplas da música popular galega», Esther Taboada Iglesias (IES Rosalía, Santiago)
- «A música tradicional no CPI Cruz do Sar de Bergondo: da terra ás aulas», Marta Pumares Varela (CPI Cruz do Sar, Bergondo)
- «Caderno viaxeiro: as nosas cantigas». Estefanía Pérez Yáñez (CEIPP A Fraga, As Pontes)
- «Ferro, madeira e pel. As nosas transmisoras», María Barca Gómez e Francisco Guitián Valeiro (Seminario Galán)
- «O ciclo do ano», Tamara Costas Caamaño e os alumnos Joel Lorenzo Traba e Nerea Vidal Soto (CPR Maristas-Vigo)

2 XX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega

Trátase dunha xornada de normalización lingüística aberta tanto a docentes de centros públicos como de concertados e privados, organizada por Ferega, coa colaboración da SXL. Esta data adoita ser a primeira ocasión do curso escolar en que se analiza a figura/s elixida/s pola RAG para lle render homenaxe nas Letras Galegas. Tamén se realiza o acto de entrega dos Premios Irmán Reboiras ás Melloras Iniciativas de Fomento do Galego, que contan co apoio da SXL.

No curso 2024-2025 a XX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega desenvolveuse no Consello da Cultura Galega o 22 de novembro de 2024. [Programa](#)



3 Webinarios do Día da Ciencia en Galego

Como vén sendo habitual, a Secretaría Xeral da Lingua, a través dos equipos de dinamización, colabora con Bibliotecas para a celebración do Mes da Ciencia nas Bibliotecas, e con Igaciencia na organización de webinarios de dinamización científica en galego. A Institución Galega da Ciencia, representada polos profesores Manuel Díaz Regueiro e Inés Ben, organiza e desenvolve estes webinarios, que nos últimos anos chegaron a superar os 9000 espectadores, e que tamén poden verse no seu web: <https://www.igaciencia.eu/>.

As videoconferencias programadas en 2024 foron as seguintes:

- ✓ «Non hai estrelas sen noite escura», Ana María Ulla Miguel, con 9147 visualizacións.
- ✓ «O Universo e a exploración espacial», Begoña Vila Costa, con 2346 visualizacións.
- ✓ «O cambiante planeta Terra», Augusto Pérez Alberti, con 1112 visualizacións.

TIC

1 Divulgación de recursos didácticos e experiencias positivas de dinamización da lingua galega no Portal da Lingua Galega, o web da SXL

As coordinadoras informan os EDLG das novidades salientables do Portal e contribúen á difusión de recursos e iniciativas nos centros. Así mesmo, procuran recursos para publicar no web e no Boletín da SXL.

Curso 2024-2025

Ámbito	RECURSOS ELABORADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS Total: 1054	OUTRAS INICIATIVAS
MATERIAL PARA O WEB DA SXL Espazo dos EDLG	- Novidades (237) - Recursos didácticos (61) - Publicacións (14) - Audiovisuais e música (116) - Blogs e recursos na rede (4) - Iniciativas de dinamización (146) - Datas sinaladas (131) - Día das Letras Galegas (52 de centros, 2 exposicións, 1 formación, 7 recursos) - FP (4) - NEAE (1) - Ensinanzas de réxime especial (23) - Infantil e primaria (151) - Secundaria e bacharelato (104)	- Proxecto lingüístico do centro: 1 modelo, normativa - PIDL: Publicados ata o curso 2024-2025 - Programas (1) - Tamén che interesa - Convocatorias e formación (16) - Memorias dos Equipos de Dinamización Lingüística (5)



O incremento de publicacións nos últimos cursos foi notable. Cómpre ter en conta que os recursos que aparecen nos botóns dos niveis educativos (infantil e primaria, secundaria e bacharelato, formación profesional, ensinanzas especiais) adoitan estar tamén noutros (audiovisuais e música, publicacións, novidades...).

Entre os recursos publicados na sección dos EDLG, ocupan un lugar moi salientable os relacionados co Día das Bibliotecas, Día da Ciencia, Día Europeo das Linguas, Día de Rosalía, Día da Lingua Materna e sobre todo co Día das Letras Galegas.

Entre as suxestións achegadas pola coordinadora provincial da Coruña para mellorar este espazo están as seguintes:

- Habilitar un botón específico para o Día de Castelao/Día da ilustración que se conmemora o 30 de xaneiro.
- Crear seccións específicas para difundir os programas promovidos e financiados pola SXL: aRitmar galiza e portugal, 21 días co galego e +, NTC!, Falamos +, e outros.
- Crear un espazo exclusivo para aloxar recursos, protocolos de acollemento e outros materiais didácticos e/ou lúdicos que poidan resultar útiles para a integración do alumnado migrante.
- Desagregar a sección de Audiovisuais e música en dúas/tres subseccións (vídeos/audiovisuais, radio/*podcasts*, música)

ACTIVIDADES FINANCIADAS POLA SXL NOS CENTROS DE ENSINO

Campaña Aquí tamén se fala

Proxecto iniciado o curso 2022-23 polos docentes Alberto Pombo e Arcadio González Novoa, coordinador do EDLG do IES Rafael Dieste, para galeguizar os comercios e institucións da cidade da Coruña cunha campaña de pegada de carteis co lema 'Aquí tamén se fala', que o alumnado distribúe entre os negocios da contorna, lugares de comunicación da veciñanza, para que os amosen nas súas paredes e escaparates como un xeito de adhesión a esta iniciativa. Neste período, son numerosos os centros de ensino que se adhiren e solicitan eses carteis para realizar o proxecto co seu alumnado nas diferentes rexións galegas. A campaña complementouse con outras actuacións (creación de [web](#) e perfís en RRSS para difundir a gravación de entrevistas a persoas relevantes en distintos eidos, festival de música...).

Os seus promotores, Alberto Pombo e Arcadio González, son grandes coñecedores das redes sociais e expertos na creación de contidos dixitais, e deste xeito no curso 23/24 deseñaron unha estratexia de comunicación a través das redes na que referentes nacionais, estatais e internacionais (Tanxugueiras, Amaia Romero ou Viggo Mortesen) se sumaron á campaña con vídeos curtos nos que defendían o uso da lingua galega e que en moitos casos alcanzaron grande viralidade. Entre o alumnado desenvólvense unha serie de talleres de formación en son e vídeo que resultaron clave no proceso de gravación de artistas galegos que defendían a nosa lingua e cultura. Para a culminación do curso escolar 23/24 celebrouse o primeiro festival en lingua galega organizado por un centro de ensino, que contou coa colaboración das tres principais administracións (Concello, Deputación e Xunta)



Durante o curso 24/25, o EDLG liderou unha grande acción de dinamización protagonizada pola mocidade ao ampliar a campaña a 200 centros de ensino e máis de 25 000 estudantes, cun resultado de preto de 50 000 espazos normalizados. Tamén se conseguiu que se sumaran á campaña os principais clubs deportivos do país e referentes da cultura como Fillas de Cassandra, Xabier Díaz, Yolanda Castaño, Marco Neves, Carlangas ou Champimuros. Así mesmo, realizáronse 15 000 adhesivos co lema da campaña de dinamización e cunha pequena explicación de en que consiste, e distribuíronse por todos aqueles centros de ensino que o solicitaron. E péchase este curso escolar coa segunda edición do festival Aquí tamén se fala no mes de xuño na Coruña.

A SXL colaborou no financiamento dos obradoiros de formación audiovisual e de distintas actuacións como a compra de material de gravación e audio, adhesivos etc.

A actividade mereceu o recoñecemento de premios como o Innovagal, o Rosalía de Castro de Lingua, o PIDL, o Forum Europeo do Ensino ou o Mil Primaveras.

Festival #Aquí tamén se fala

Festival aberto á cidadanía e promovido pola Secretaría Xeral da Lingua, a Deputación e o Concello da Coruña, en cuxa primeira edición (xuño, 2024) actuaron algúns dos grupos máis destacados da música galega actual: Grande Amore, BoyanKa Kostova, Leria e Lontreira. O evento, que contou cun elevado número de persoas asistentes e unha ampla repercusión mediática, celebrouse no mes de xuño na praza da Tolerancia da Coruña.

Na segunda edición deste evento que tivo lugar en xuño de 2025 estiveron presentes outros grupos galegos como Alana, Ortiga, Pava, Ulex e Mar de Fondo.

Gala Falemos + Galego

Como parte da campaña de promoción lingüística, e por iniciativa do IES Ramón Caamaño, de Muxía, organízase un concurso entre o alumnado para elaborar un logo, un lema e un vídeo en defensa da lingua galega. E para pechar esta iniciativa dinamizadora desenvólvese no mes de xuño a gala de música na que neste curso 24/25 participaron 15 centros da Costa da Morte:

- IES Lamas de Castelo (Carnota)
- CPI Plurilingüe A Picota (Mazaricos)
- IES Fernando Blanco (Cee)
- IES Agra de Raíces (Cee)
- CPR Manuela Rial Mouzo (Cee)
- CPR Nosa Señora do Carme (Fisterra)
- IES Ramón Caamaño (Muxía)
- IES Terra de Soneira (Vimianzo)
- IES Pedra da Aguia (A Ponte do Porto – Camariñas)
- IES Maximino Romero Lema (Baio-Zas)



IES Fin do Camiño (Fisterra)

CPI As Revoltas (Cabana)

IES Eduardo Pondal (Ponteceso)

IES Urbano Lugrís (Malpica)

IES Isidro Parga Pondal (Carballo)

O obxectivo desta gala non só é determinar o gañador do concurso, senón celebrar o orgullo de formar parte dunha comunidade de galegofalantes e xuntar os centros da Costa da Morte nun proxecto común.

Exposición «O amencer da humanidade»

Iniciativa promovida pola SXL ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021, co obxecto de dar a coñecer as últimas investigacións desenvolvidas no ámbito da prehistoria en Galicia. Ademais de seis paneis informativos en formato *rollup*, a mostra inclúe varias réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades didácticas, para educación primaria e secundaria, respectivamente.

Logo de que a mostra percorrese este ano varios centros da Coruña e de Pontevedra, o vindeiro curso continuaranse as itinerancias polos centros interesados que o soliciten, como varios colexios da cidade da Coruña e a súa contorna que, por falta de tempo, non puideron dispor dela ao longo do curso 2024-2025. Tamén se prevé que no mes de maio (semana da Letras Galegas 2026) se expoña nalgún centro da provincia de Ourense.

COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS E EMPRESAS

1 Colaboración coa empresa Feiraco no Certame de Microrrelatos

Certame de Microrrelatos que organiza a empresa Feiraco en colaboración coa SXL, dirixido a alumnos e alumnas de secundaria (de 12 anos en diante) e tamén ás persoas maiores de 18 anos que queiran participar, e que ten como finalidade incentivar a creación literaria. Nesta XIII edición do **Certame de Relatos Breves Feiraco. Letras Galegas 2025**, establecéronse dúas categorías de participación: xuvenil (alumnado a partir de 12 anos) e de adultos (a partir de 18). A SXL participa na divulgación do certame e cun lote de libros para as distintas categorías.

Categoría xuvenil	«Habelas hailas», de Adriana González
	«Dunha pandeireta engaiolada», de Adara Soto
	«O cazador e a presa», de Gabriel Capón
Categoría adultos	«Carmela», de Ramón Domínguez
	«Galicia, campo de artistas», de Tomás Rodríguez
	«Ao compás da xata e Manuela», de Gemma Rojo



2 Colaboración coa empresa Eroski-Vegalsa nos actos das Letras Galegas

A compañía de distribución alimentaria selecciona todos os anos un dos carteis gañadores no Concurso-Exposición das Letras Galegas que convoca a SXL para reproducilo en todos os seus establecementos. Este curso 2024-2025, foi o cartel nº 6 da exposición gañadora en primaria, a do CEIPP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, o escollido para os supermercados da cadea.

3 Colaboración con RENFE e ADIF

Desde hai anos, estas entidades participan na difusión da figura homenaxeada nas Letras Galegas. Alén dos repousacabezas coa imaxe institucional das Letras Galegas, algúns carteis das exposicións premiadas no Concurso-Exposición das Letras Galegas expóñense nas estacións de tren das cidades. A SXL tamén entrega lotes de libros en galego para distribuír cando se realiza unha presentación da iniciativa, habitualmente na estación da Coruña.



DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO DAS COORDINADORAS PROVINCIAIS E CENTRAL

A Coruña - Coordinación territorial dos EDLG

- 1 Asesoramento presencial, por vía telefónica e telemática ás persoas coordinadoras dos EDLG e a calquera docente, particular ou entidade que o solicite
- 2 Realización de reunións informativas de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos EDLG da provincia na Coruña (2), Santiago e Ferrol
- 3 Seguimento dos proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística (PILD) integrados no Plan Proxecta+
- 4 Seguimento dos proxectos didácticos Antonio Fraguas Fraguas integrados no Plan Proxecta+
- 5 Visitas e entrega de materiais diversos (libros, xogos, exposicións...) a distintos centros da provincia
- 6 Revisión de materiais varios e asesoramento lingüístico a persoas coordinadoras dos EDLG e outras/os docentes
- 7 Selección dos centros participantes no programa 21 días co galego e + no curso 2024-2025: CEIP Vales Vilamarín, CEIP Emilio González López e CPR Grande Obra de Atocha
- 8 Selección e descrición de recursos e actividades dinamizadoras realizadas ao longo do curso 2024-2025 nos centros escolares, para divulgar no Portal da lingua galega
- 9 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do certame da Primavera das Letras da Real Academia Galega en Sada.
- 10 Asistencia aos actos de homenaxe a Xoán Vicente Viqueira organizados polo CPI Cruz do Sar de Bergondo e o IES Eusebio da Guarda da Coruña
- 11 Presentación da xornada formativa para docentes *Divertímonos xogando coas nosas palabras* na Fundación Eduardo Pondal do Couto (Ponteceso)
- 12 Asistencia ás xornadas da FIGA na Coruña os días 7, 8, 9 de novembro sobre o audiovisual galego.
- 13 Selección e valoración de actividades relacionadas co Día da Ciencia nas Bibliotecas para incluír no folleto anual.
- 14 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística organizada por Escolas Católicas de Galicia no Consello da Cultura Galega
- 15 Asistencia á xornada Olladas no Pasado 2024 dedicada a Xoán Vicente Viqueira no Pazo de San Roque.
- 16 Asistencia á gala de entrega dos Premios aRitmar á mellor canción e á mellor poesía de Galicia e Portugal 2023



- 17 Asistencia ao acto de presentación do dicionario de medicina ilustrado para escolares (DIXIMED) na Facultade de Medicina.
- 18 Colaboración na coordinación de traballos para incluír no libro *Ríos de baile* promovido pola Deputación da Coruña e o Concello da Coruña
- 19 Asistencia ao acto de entrega dos diplomas do Padrón de Ouro que outorga a Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso.
- 20 Asistencia á zarzuela *A lenda de Montenegro* que organizou o CMUS da Coruña para conmemorar o centenario da súa estrea.
- 21 Asistencia á presentación do libro da *Obra Completa de Francisca Herrera Garrido* na Casa Charry do Concello de Oleiros
- 22 Presentación da xornada formativa para familias *Divertímonos xogando coas nosas palabras* na Biblioteca González Garcés da Coruña
- 23 Participación e asistencia ao Maratón Literario en homenaxe a Rosalía de Castro organizado no CPR Santo Domingo Fesd (Dominicos) da Coruña
- 24 Colaboración, divulgación e asistencia á Mostra de Entroido da Ulla organizada por todos os centros educativos da contorna de Lamas de Abade
- 25 Asistencia á mostra INNOVART 2025 organizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP na Cidade da Cultura
- 26 Selección de centros para desenvolver os obradoiros e espectáculos sobre regueifa, contacontos, rap improvisado, xogos, e muller e tradición oral
- 27 Selección do centro participante e asistencia ao espectáculo e programa piloto da CRTVG do Xabarín: CEIP Anxo da Garda
- 28 Selección dos centros participantes no programa da CRTVG do Xabarín (pendente de execución)
- 29 Coorganización das comisións de valoración dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2024-2025
- 30 Resumo e cualificación dos proxectos de fomento do uso do galego asignados (públicos e concertados) na convocatoria do curso 2024-2025
- 31 Participación, como vogal, nas comisións de valoración dos proxectos de fomento da convocatoria do curso 2024-2025
- 32 Colaboración na xestión da montaxe e desmontaxe da exposición «O amencer da humanidade» en distintos centros da contorna da Coruña
- 33 Entrega de material (libros para participantes nas distintas categorías) para o Concurso Diego Peña Carro do CPR Escravos Sagrado Corazón da Coruña
- 34 Asistencia á presentación do programa 21 días co galego e + no CEIP Francisco Vales, Villamarín
- 35 Asistencia ao acto de clausura do programa 21 días co galego e + no CPR A Grande Obra de Atocha
- 36 Asistencia ao III Encontro do programa 21 días co galego e + con todos os centros participantes na edición de 2025
- 37 Selección dos centros participantes e seguimento das actuacións do programa da SXL Falamos + do curso 2024-2025



- 38 Asistencia aos obradoiros e/ou espectáculos sobre regueifa, contacontos, rap improvisado, xogos, e muller e tradición oral
- 39 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025
- 40 Selección de experiencias dos EDLG para completar o programa da Xornada das Letras Galegas 2025
- 41 Asesoramento e revisión lingüística dos materiais didácticos das Letras galegas 2025 do Seminario Galán
- 42 Asesoramento e proposta de experiencias educativas para o Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística: Traballando en Linguas con Inmigrante
- 43 Revisión e corrección das actividades do programa de Iniciación á lingua galega para estranxeiros
- 44 Asistencia á reunión final virtual do programa 21 días co galego e +, na que se expresaron suxestións sobre a dita iniciativa para o vindeiro curso
- 45 Colaboración na súa organización e asistencia á Xornada das Letras Galegas 2025 sobre as cantareiras e o cancionero popular oral, da SXL, que tivo lugar no Pazo de San Roque
- 46 Asistencia á actividade musical do proxecto *Velaquí Xapón* do CEIP Plurilingüe Bragade de Oza
- 47 Visita ao Museo do Traxe Tradicional e encontro co alumnado do CEIP Campomaio de Ordes
- 48 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (actuacións varias e concerto) no CMUS Profesional da Coruña
- 49 Asistencia aos actos de presentación do *Canto Popular Galego* de Manuel Rico Vereá no CMUS da Coruña
- 50 Asistencia aos actos conmemorativos das Letras Galegas (romaría dedicada ás cantareiras) no CIFP Paseo das Pontes da Coruña
- 51 Envío das reflexións e respostas ao cuestionario solicitado pola Comisión de Recursos que elabora o novo Plan xeral de normalización lingüística
- 52 Asistencia á homenaxe intercentros do CRA Nosa Señora do Faro de Ponteceso, CEIP Xesús San Luís Romero e Aspronaga de Carballo en Mens (Malpica)
- 53 Asistencia á presentación da edición en liña da Biblia en galego promovida pola Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballo
- 54 Asistencia á presentación do programa de dinamización e voluntariado promovido polo EDLG do CPR Santa María do Mar da Coruña
- 55 Asistencia ao festival Aquí Tamén se Fala promovido polo EDLG do IES Rafael Dieste, co apoio da SXL e outras institucións
- 56 Participación como membro do xurado do certame de vídeos e lemas da campaña Falemos + Galego promovida por 15 centros da Costa da Morte



- 57 Asistencia á gala musical e entrega de premios da campaña Falemos + Galego. Preparación previa e entrega dos 15 lotes de libros, un para cada centro
- 58 Asistencia ao acto de entrega de premios dos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! 2025
- 59 Selección dos centros participantes no programa 21 días co galego e + para o curso 2025-2026: CEIP Anxo da Garda, CEIP Isidro Parga Pondal, CEIP Os Tilos
- 60 Elaboración dos informes, puntuación dos PILD e participación na Comisión de Selección dos traballos premiados
- 61 Presentación do Foro Grial A Coruña 2025 organizado pola editorial Galaxia no Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña
- 62 Colaboración na presentación do libro *Debullando folclore* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- 63 Selección dos centros participantes da provincia da Coruña no programa Falamos + para o curso 2025-2026: CEIP Sagrada Familia, CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, CPI Cruz do Sar
- 64 Asistencia ao Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística: Traballando en Linguas con Inmigrantes o 15 e 16 de xullo
- 65 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros presentados na convocatoria do curso 2024-2025

Ourense - Coordinación territorial dos EDLG

- 1 Asesoramento telefónico e telemático a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXL...)
- 2 Asesoramento presencial e entrega de materiais didácticos a centros educativos
- 3 Reunións informativas coas novas persoas coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega (O Barco de Valdeorras, Verín, Ourense) en outubro e novembro de 2024
- 4 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025
- 5 Asistencia á representación do musical *Mil estrelas, musical de musicais*, do IES Taboada Chivite de Verín, no auditorio de Ourense o 24 de setembro de 2024
- 6 Asistencia aos XXVI Encontros para a Normalización Lingüística no ensino organizados polo Consello da Cultura Galega o 15 de outubro de 2024 (difusión dos contidos gravados en consellodacultura.gal)
- 7 Asistencia ás xornadas Olladas no Pasado 2024. Centenario de Xoán Vicente Viqueira en novembro de 2024
- 8 Asistencia á entrega de premios Nós tamén creamos! o 8 de novembro de 2024



- 9 Asistencia á Gala de entrega de premios do XIV Certame Ouff Escola o 20 de novembro de 2024
- 10 Asistencia á XXX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega o 22 de novembro de 2024 no CCG e á entrega dos premios Irmáns Reboiras a proxectos de dinamización lingüística
- 11 Selección e apoio aos dous centros da provincia participantes no programa da SXL 21 días co galego e +, coordinado pola profesora Pilar Ponte: CEIP Manuel Respino (A Rúa), CEIP Julio Gurriarán (O Barco de Valdeorras)
- 12 Apoio aos tres centros da provincia participantes no programa da SXL Falamos +, coordinado pola profesora Pilar Ponte: CEIP Ramón Otero Pedrayo, O Barco de Valdeorras; CEIP O Couto; CPI Virxe da Saleta, San Cristovo de Cea
- 13 Asistencia á reunión virtual do programa Falamos +, así como a algunha das actividades que se levaron aos centros participantes
- 14 Selección dos centros de primaria e secundaria para recibir as actividades da SXL: Xabarín, contacontos, xogos, rap improvisado, regueifa, muller e tradición oral. En total, 19 centros da provincia de Ourense. Asistencia a algunha das actividades
- 15 Reunións presenciais cos centros do Programa 21 Días co galego e +
- 16 Asistencia á presentación virtual dos 21 Días co galego e + con Pilar Ponte e o profesorado
- 17 Asistencia á presentación e clausura do programa 21 Días co galego e + nalgún dos centros participantes, así como a algunha das actividades que este curso se desenvolveron neles
- 18 Asistencia ao III Encontro do Programa 21 días co galego e + no Palacio de Congresos de Santiago o 25 de febreiro de 2025
- 19 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do programa 21 Días co galego e +
- 20 Asistencia á celebración do Día da auga, a árbore e a poesía na Ínsua dos Poetas para escolares da comarca do Carballiño organizado pola Fundación Ínsua dos Poetas
- 21 Asistencia á representación do musical *Os miserábeis* do IES Illa de Ons o 28 de marzo no Pazo da Cultura de Pontevedra
- 22 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión, coa función de vogal, e elaboración dos resumos de centros públicos, privados e concertados
- 23 Asistencia á Feira solidaria do CRA Amencer, así como á conmemoración polos 25 anos da creación do CRA



- 24 Asistencia á final do certame de oratoria no IES Martaguisela do Barco de Valdeorras
- 25 Asistencia á Xornada das Letras Galegas sobre as cantareiras organizadas pola SXL o 26 de abril de 2025
- 26 Asistencia á Festa da lingua de Ferega celebrada no CPR Santa Teresa-Carmelitas de Ourense en maio de 2025
- 27 Asistencia aos XXX Encontros de Teatro Escolar e Amateur organizados polo Concello de Bande en colaboración co CEIP Xoaquín Lorenzo e o IES Aquis Querquernis do 12 ao 16 de maio de 2025
- 28 Asistencia e entrega dos premios do XXI Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizado por Escolas Católicas de Galicia-Ferega o 9 de maio de 2025
- 29 Asistencia á entrega de premios do Certame escolar de relato curto organizado polos centros de ensino do barrio do Couto de Ourense en colaboración coa Asociación Loureiro o 16 de maio de 2025
- 30 Asistencia á celebración das LG no CEIP Virxe de Covadonga de Ourense o 16 de maio de 2025
- 31 Asistencia ao IX Serán do CPI Virxe da Saleta de Cea
- 32 Asistencia á convivencia Cholo e Nela, Ciencia e conciencia, no CEIP Manuel Respino da Rúa o 28 de maio de 2025
- 33 Asistencia á entrega de premios do XI Certame de Debuxo, Conto e Relato Falando de Solidariedade, do CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía, o 30 de maio de 2025
- 34 Asesoramento e seguimento dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística integrados no Plan Proxecta do curso 2024-2025
- 35 Participación na selección dos premios de PIDL 2025
- 36 Asistencia á estrea do musical *Disneyland D'eiquí* no IES Taboada Chivite de Verín en xuño de 2025. Organización para a representación deste musical no Auditorio de Ourense o 24 de setembro de 2025
- 37 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG de centros públicos e privados (curso 2024-2025), e cotexo cos proxectos presentados
- 38 Participación como membro do xurado no Certame de cine Ouff Escola 2024-2025
- 39 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web da SXL
- 40 Impartición de tres cursos de galego telepresenciais a alumnado do Colexio Santiago Apóstol de Caracas (de xaneiro a xuño de 2025)



Lugo - Coordinación territorial dos EDLG

- 1 Selección e apoio aos dous centros participantes da provincia nos programas da SXPL 21 Días co galego e + e Falamos + , coordinados pola profesora Pilar Ponte.
- 2 Reunións presenciais cos centros dos Programas 21 Días co galego e + e Falamos + .
- 3 Asesoramento telefónico/telemático a centros por diversos motivos (proxectos de fomento, memorias, logos, programas da SXPL...).
- 4 Asesoramento aos dous centros que desenvolveron o proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística integrado no Plan Proxecta do curso 2024-2025.
- 5 Participación na selección de traballos gañadores, na categoría de primaria e secundaria, do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025.
- 6 Participación na selección dos premios de PIDL 2025.
- 7 Selección do centro participante na Xornada das Letras galegas 2025.
- 8 Asistencia á Xornada do Día das Letras Galegas sobre as cantareiras organizadas pola SXL o 26 de abril de 2025.
- 9 Participación no proceso de valoración dos proxectos de fomento do uso do galego como parte da comisión coa función de vogal e de elaboración dos resumos dos proxectos.
- 10 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros e cotexo cos proxectos presentados.
- 11 Selección e corrección lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares, para publicar na páxina web www.lingua.gal.
- 12 Asistencia á presentación do Programa 21 Días co galego e + no CEIP Illa Verde.
- 13 Asistencia á xornada de convivencia dos centros participantes na Cidade da Cultura no Programa 21 Días co galego e +.
- 14 Asistencia á reunión virtual de avaliación final do Programa 21 Días co galego e +.
- 15 Planificación e coordinación do traballo para a presentación do Concurso «200 Aniversario da Policía Nacional» para os centros de educación primaria da provincia de Lugo.
- 16 Asistencia á inauguración da exposición en Viveiro dos centros da Microrrede da Mariña.



- 17 Asesoramento presencial e entrega de diversos materiais a diferentes centros da provincia

Pontevedra - Coordinación territorial dos EDLG

- 1 Visitas e atención telemática e telefónica para asesoramento ás persoas coordinadoras dos EDLG ou a calquera docente, particular ou entidade que o solicite (proxectos de fomento, PIDL, memorias, corrección lingüística, suxestión de actividades dinamizadoras etc.)
- 2 Revisión das memorias dos proxectos de fomento dos EDLG dos centros (convocatoria do 2024) e cotexo cos proxectos presentados
- 3 Preparación e realización de reunións informativas de inicio de curso coas persoas coordinadoras dos centros da provincia, en Caldas de Reis, Vigo e Pontevedra
- 4 Participación na selección, asesoramento, seguimento e elaboración de informes dos centros que desenvolven os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística (PIDL) integrados no Plan Proxecta+ do curso 2024-2025
- 5 Asistencia aos XXVI Encontros para a Normalización Lingüística organizados polo Consello da Cultura Galega o 15 de outubro de 2024
- 6 Asistencia á Xornada de Normalización Lingüística organizada por Escolas Católicas de Galicia no Consello da Cultura Galega
- 7 Selección e valoración de actividades relacionadas co Día da Ciencia nas Bibliotecas para incluír no folleto anual
- 8 Asistencia aos actos de entrega de premios NTC!
- 9 Asistencia á presentación da curta gañadora do NTC! do CEIP Viñagrande Deiro no festival de Cans (O Porriño)
- 10 Asistencia ao musical *Mil estrelas, musical de musicais*, do IES Taboada Chivite de Verín no Auditorio de Ourense
- 11 Asistencia á representación do musical *Os miserábeis* (do IES Illa de Ons, Bueu) no Auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra
- 12 Asistencia á presentación de traballos de centros na XXV edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra
- 13 Reunión de asesoramento para os centros de Ferega da cidade de Vigo, realizada no Colexio Amor de Dios
- 14 Selección e revisión lingüística de recursos e actividades de dinamización realizadas ao longo do curso nos centros escolares para publicar na páxina web www.lingua.gal



- 15 Xestións relacionadas co proxecto de frecuencias léxicas do Ramón Piñeiro e a USC nos centros da provincia (selección de centros, envío de correos, compilación de interesados...)
- 16 Visita e entrega de material ás responsables das aulas hospitalarias do Hospital Provincial de Pontevedra e Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
- 17 Divulgación e asistencia á Xornada de onomástica galega da RAG, con experiencias realizadas nos centros de ensino, no Museo de Pontevedra
- 18 Participación no proceso de elaboración de resumos e valoración de proxectos de fomento do uso do galego, de centros públicos e privados, como vogal da comisión de valoración, na convocatoria do curso 2024-2025
- 19 Coorganización das comisións de valoración dos proxectos de fomento: selección e contacto cos colaboradores/as, organización do traballo e celebración das comisións de valoración en varias reunións virtuais
- 20 Xestións para levar a exposición «O amencer da humanidade» ao IES Santa Irene de Vigo
- 21 Participación na selección de traballos gañadores do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025
- 22 Selección de experiencias dos EDLG da provincia para completar o programa da Xornada das Letras Galegas 2025
- 23 Asistencia á Xornada das Letras Galegas 2025 organizada pola SXL o 26 de abril
- 24 Selección dos centros que participaron no 21 Días co galego e + no curso 2024-2025: CEIP Carballal e CEIP Sequelo, de Marín, e CEIP Cordo Boullosa de Ponte Caldelas. Seguimento das actuacións destes centros
- 25 Selección dos centros que participarán no Falamos + no curso 2025-2026
- 26 Asistencia ás reunións iniciais coa coordinadora do 21 Días co galego e +, Pilar Ponte, nos centros participantes no programa, ao acto de inauguración no CEIP Sequelo e ao de clausura no CEIP O Carballal
- 27 Asistencia ás reunións virtuais de Pilar Ponte cos coordinadores e coordinadoras dos 10 centros do 21 Días co galego e +
- 28 Asistencia ao III Encontro dos centros participantes no 21 Días co Galego e + na edición 2025, en Santiago.
- 29 Primeiras conversas para a selección dos centros que participarán no 21 Días co galego e + no curso 2025-2026: CEIP Amor de Dios, CEIP Ría de Vigo e CEIP Álvarez Limeses
- 30 Seguimento do programa Falamos + no CPI Alfonso VII, de Caldas de Reis, e reunión final virtual de valoración coas coordinadoras dos centros participantes e Pilar Ponte.



- 31 Selección dos centros destinatarios dos obradoiros xestionados pola SXL sobre regueifas, contacontos, xogos, improvisación oral e muller e tradición oral, e seguimento para a súa valoración
- 32 Asistencia aos obradoiros e/ou espectáculos sobre regueifa, contacontos, rap improvisado, xogos, e muller e tradición oral nalgúns dos centros destinatarios
- 33 Selección de centros e asistencia nun deles á presentación da nova programación do Xabarín da RTVG. Suxestións para a mellora das posibles novas presentacións (xa para o vindeiro curso)
- 34 Asesoramento e asistencia á Mostra de Teatro Olimpio Arca dos centros da Estrada, no Teatro Principal da Estrada
- 35 Asesoramento e asistencia á inauguración do Ano Castelao no IES Castelao de Vigo
- 36 Asistencia á entrega do premio da exposición das Letras 2025 no IES Castelao
- 37 Asesoramento e asistencia á iniciativa Lectura na Rúa (Día do Libro) con todos os centros de Redondela.
- 38 Asesoramento e asistencia ao encontro dos tres centros de Vigo participantes no PIDL VERSoamos na vila romana de Toralla
- 39 Asesoramento e asistencia a varias actividades relacionadas cos PIDL presentados este curso, como a presentación do documental *Mariñeira*, do IES Ramón Cabanillas
- 40 Asistencia a varios actos conmemorativos das Letras Galegas 2025, celebrados conxuntamente: centros do Umia, centros de Vigo...
- 41 Asistencia á inauguración da XXV Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo.
- 42 Xestións relacionadas coa campaña Aquí tamén se fala do IES Rafael Dieste na provincia
- 43 Valoración de actividades como a presentación do Xabarín, actividades de fomento da lectura dende os EDLG...
- 44 Recollida e distribución de material da SXL polos centros educativos da provincia
- 45 Envío das reflexións e respostas ao cuestionario solicitado pola Comisión de Recursos que elabora o novo Plan xeral de normalización lingüística



Santiago de Compostela - apoio á coordinación central dos EDLG

- 1 Participación na selección de proxectos do certame OUFF Escola, convocado polo Concello de Ourense coa colaboración da SXL
- 2 Asistencia á clausura dos 21 días co galego e +
- 3 Participación no proceso de valoración dos Proxectos de Fomento (provincia de Pontevedra)
- 4 Participación no proceso de selección de proxectos Concurso Antón Fraguas, organizado polo Museo do Pobo Galego, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua.
- 5 Participación no proceso de selección de traballos do Concurso DígochoEu, convocado por CRTVG, en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua.
- 6 Asistencia á gala dos premios DígochoEu
- 7 Participación na xestión de programas, proxectos de dinamización da lingua e certames organizados ou apoiados pola Secretaría Xeral da Lingua
- 8 Colaboración na organización e distribución do material bibliográfico da SXL
- 9 Realización de traducións galego-inglés e inglés-galego para a SXL
- 10 Participación como membro da Comisión de Selección do Concurso Lingua de Namorar
- 11 Participación como membro da Comisión de Selección do Concurso Coca Cola Novos Talentos de Relato Curto
- 12 Colaboración na distribución de material bibliográfico da SXL aos centros educativos e a distintas entidades
- 13 Participación no proceso de selección de proxectos do concurso NTC!, organizado pola Secretaría Xeral da Lingua
- 14 Asistencia á gala dos premios NTC!
- 15 Asistencia aos XXVI Encontros para a Normalización Lingüística no Consello da Cultura Galega



Santiago de Compostela- Coordinación central dos EDLG

- 1 Asesoramento telefónico e virtual sobre programas e proxectos desenvoltos dende a SXL
- 2 Participación na Comisión de Selección e asistencia á entrega dos Premios Irmán Reboiras a proxectos de dinamización lingüística de Ferega (novembro 2024)
- 3 Asistencia á XX Xornada de Normalización Lingüística de Ferega (novembro 2024)
- 4 Asistencia ás Xornadas «Olladas no Pasado. Xoán Vicente Viqueira» organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
- 5 Colaboración na xestión do proxecto de frecuencias léxicas elaborado por investigadores do Centro Ramón Piñeiro e a USC e que se desenvolveu en centros de ensino das catro provincias
- 6 Xestión do Programa 21 días co galego e +: solicitude de dotación, documentación, partidas orzamentarias... Colaboración coa coordinadora Pilar Ponte na revisión lingüística dos guiños, dos vídeos e das entradas para o blog; organización dos talleres para os centros, xestión da elaboración e reparto das camisetas, e envío destas para os centros participantes
- 7 Asistencia e preparación da inauguración e clausura oficiais do Programa 21 días co galego e + no CEIP Francisco Vales Villamarín, de Betanzos, e no CEIP O Carballal, de Marín, respectivamente.
- 8 Coorganización e xestión do III Encontro do Programa 21 días co galego e + no Palacio de Exposicións e Congresos de Santiago para todos os centros participantes na edición de 2025.
- 9 Xestión e colaboración na organización do programa Falamos +: recepción de documentación, contactos cos centros participantes, distribución e envío de camisetas, contactos co responsable da actividade dirixida dende a SXL etc.
- 10 Xestión do Concurso-Exposición das Letras Galegas: preparación e publicación da convocatoria, elaboración do informe dos traballos presentados, participación na Comisión de Selección, contactos cos dous centros premiados, revisión, corrección e edición das exposicións, guías didácticas, marcapáxinas, diplomas, cheques, cartas, solicitude de certificacións etc.
- 11 Asesoramento presencial e telemático sobre a exposición-guía premiadas no Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025 na categoría A, no CEIPP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, e na categoría B, no IES Castelao, de Vigo
- 12 Xestión e asistencia ao acto de entrega dos premios do Concurso-Exposición das Letras Galegas 2025 no CEIPP Celso Emilio Ferreiro e IES Castelao
- 13 Organización da Xornada do Día das Letras Galegas dedicada ás cantareiras e a poesía popular oral (elaboración do programa, comunicación e xestións cos relatores/as, preparación da exposición sobre os cancioneros...)
- 14 Participación como xurado na selección dos centros gañadores do Concurso de *Podcasts* en galego Xosé Mosquera Pérez no IES Rosalía de Castro
- 15 Xestión do programa e do concurso Nós tamén creamos!: selección e revisión de álbums ilustrados, preparación e publicación da convocatoria, revisión das unidades didácticas do curso, recepción e revisión da documentación dos



centros participantes, selección dos centros de Proxecta, avaliación das solicitudes e memorias; descarga das curtas enviadas e distribución destas e das grellas aos demais membros do xurado; solicitude de certificacións, actualización das fichas etc.

- 16 Participación na Comisión de Selección do Concurso Nós tamén creamos!
- 17 Xestión dos proxectos de innovación en dinamización lingüística: recollida e comprobación da documentación correspondente de cada centro, avaliación das solicitudes e memorias en Proxecta, compilación do informe final dos proxectos presentados —previamente avaliados e informados polas coordinadoras territoriais—, solicitude de certificacións, da dotación económica etc.
- 18 Participación na Comisión de Selección dos PIDL.
- 19 Xestión do programa de Radio Líder Fala que Fala en seis centros educativos: revisión lingüística de guións, *reels* e pílulas de lingua. Colaboración na preparación do encontro final na Cidade da Cultura.
- 20 Xestión e programación de propostas de dinamización como os 90 obradoiros —regueifa, contacontos, xogos, improvisación oral, e muller e tradición oral— dirixidos a outros tantos centros educativos, fixación do calendario, contactos e resolución de incidencias.
- 21 Asistencia e entrega de premios do Certame Frei Martín Sarmiento e Rec-Curta organizados por Escolas Católicas de Galicia – Ferega
- 22 Revisión e avaliación das memorias dos PIDL e NTC! entregadas a través de Proxecta. Comprobación da documentación
- 23 Organización do acto de entrega dos premios aos centros gañadores do concurso de curtas de animación NTC! no Museo de Arte Contemporánea de Santiago



PROPOSTAS DE NOVAS ACTUACIÓNS PARA O CURSO 2025 -2026

Convén manter as iniciativas que funcionan e teñen un impacto positivo na dinamización da lingua, en especial na oralidade.

É importante promover proxectos (e cursos de lingua) dirixidos á educación primaria, pois detéctanse grandes carencias (de formación e coñecemento da lingua), e esta etapa constitúe un alicerce esencial na formación da rapazada. Mais tamén hai que levar actuacións dinamizadoras para a mocidade de secundaria e bacharelato.

Programa 21 días co galego e +

As coordinadoras territoriais xa seleccionaron os centros antes do verán, algo que permite ampliar o tempo da primeira fase, de preparación, e que a coordinadora do programa, Pilar Ponte, poida comezar coas visitas e explicacións necesarias no mes de setembro, co arranque do curso. Os centros elixidos para o próximo curso son os seguintes:

- CEIP Plurilingüe Ría de Vigo (Vigo, Pontevedra)
- CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)
- CEIP Plurilingüe Amor de Dios (Vigo, Pontevedra)
- CEIP As Gándaras (Lugo)
- CEIP A Ponte (Lugo)
- CEIP A Ponte (Ourense)
- CEIP Irmáns Villar (Ourense)
- CEIP Anxo da Garda (A Coruña)
- CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros, A Coruña)
- CEIP Plurilingüe Os Tilos (Teo, A Coruña)

Para o vindeiro curso 2025-2026 prevese continuar coas actividades lúdicas e didácticas que se lle propoñen aos centros participantes.

Programa Falamos +

Esta actuación vai continuar o vindeiro curso escolar, pero con modificacións e novidades. O programa realizarase no mes de novembro e serán 12 as actividades para desenvolver durante os recreos nos centros educativos. A coordinadora do programa, Pilar Ponte, vaise encargar de elaborar e propoñerlle ao profesorado de cada nivel as actividades que lles corresponden. Pola súa banda, dende a SXL ofertaranse dúas actividades de dinamización da lingua para os centros participantes, que son dez, como na pasada edición:

- CEIP Plurilingüe Froebel (Pontevedra)
- CEIP San Martiño (Pontevedra)
- CEIP de Ardán (Marín, Pontevedra)



- CEIP Plurilingüe de Seixalbo (Ourense)
- CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro (Barbadás, Ourense)
- CEIP A Gándara (Monforte, Lugo)
- CPR Fundación Martínez Otero (Foz, Lugo)
- CEIP Sagrada Familia (A Coruña)
- CPI Cruz do Sar (Bergondo, A Coruña)
- CEIP Plurilingüe de Sigüeiro (Oroso, A Coruña)

Propostas de dinamización para os centros

As 90 actuacións vinculadas á oralidade que se realizaron o pasado curso 2024-2025 noutros tantos centros educativos tiveron moi boa aceptación entre a comunidade escolar. As Letras Galegas celebraban as cantareiras e a poesía popular oral, por iso pensamos que o contacontos, a regueifa, os xogos populares ou a improvisación oral serían moi acaídas para os meses previos á celebración das Letras.

Polo que se recolle nas memorias correspondentes a estas actuacións, os resultados son moi positivos e cómpre reforzar e continuar con actividades deste tipo, que saquen a lingua das aulas e conviden a rapazada a expresarse, e que ademais fomenten outros valores alén dos culturais.

Exposición «O amencer da humanidade. O primeiro poboamento de Galicia»

Exposición que dá a coñecer as últimas investigacións no ámbito da prehistoria en Galicia. Alén doutros materiais, a mostra inclúe seis paneis informativos en formato *rollup*, réplicas de materiais arqueolóxicos, un audiovisual explicativo e dúas unidades destinadas a educación primaria e secundaria, respectivamente.

Logo de que a mostra percorrese varios centros da Coruña e de Pontevedra, o vindeiro curso continuaranse as itinerancias polos centros interesados. Xa o solicitaron varios colexios da cidade da Coruña e a súa contorna que, por falta de tempo, non puideron dispor dela ao longo do curso 2024-2025. Tamén se prevé a reserva durante o mes de maio (semana da Letras Galegas 2026) para un centro da provincia de Ourense.

Convén seguir realizando itinerancias desta exposición por centros que o soliciten, que deben encargarse do transporte, montaxe e desmontaxe. A fórmula de cesión temporal mostrouse efectiva.

Xogo didáctico: *Divertímonos xogando coas nosas palabras*

Presentación do obradoiro de lectoescritura e do material didáctico *Divertímonos xogando coas nosas palabras* nos centros educativos e entidades que o soliciten (CFR, bibliotecas etc.).



Convocatoria de premios á calidade lingüística dos traballos de fin de ciclo en galego de formación profesional

Trataríase de retomar a iniciativa proposta no seu momento polo EDLG do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela e estendela a todos os centros galegos que imparten ciclos superiores de FP. Cada vez hai máis centros que están organizando concursos deste tipo de maneira autónoma e sería unha maneira de institucionalizalo.

Tamén se podería ampliar ás ensinanzas de réxime especial, en concreto, aos proxectos de fin de estudos dos conservatorios de música (CMUS).

Ao recreo co Xabará!

Retomar a iniciativa proposta o curso 2024-2025 para poder desenvolvela nos centros seleccionados.

Formación para o profesorado

Organización de xornadas sobre os PILD, encontros interprovinciais para mostrar experiencias, cursos etc.

Certificación de horas para o alumnado que exerce voluntariado lingüístico, ao igual que se recoñece o traballo de voluntarios/as nas bibliotecas escolares.

Carmen Nogueira Blanco

Santiago de Compostela, outubro de 2025